

VOLKSGEIST vs. RAZA: O CONCEPTO DE NACION EN CASTELAO

RAMON MAIZ

O obxectivo desta intervención é darnos conta, co carácter forzosamente provisorio que se deriva dun primeiro achegamento xenérico, da idea de nación subxacente -de xeito explícito ou implícito- na obra de Castelao. Tentaremos así afondar no seu pensamento político a partires do seu propio cerne, o concepto de Galicia como nación que vertebra o seu inteiro discurso en canto se postula como indeclinablemente *nacionalista*.

Un tal obxectivo ten por forza que partir dunha constatación insoslaible; a saber: a necesidade de centrarmos unha tal investigación nos escritos da serodia madurez do autor. Madurez onde Castelao non somente -como ten suliñado Beramendi na súa intervención neste Congreso- amosa xa cristalizada unha posición política superadora do seu conservadorismo orixinario, canto, asemade, expón reiteradamente e polo miudo unha formulación nacionalista explícita, construída sobre materiais de crara pertenza ás ideoloxías galeguistas do seu tempo.

Neste orde de cousas *Sempre en Galiza* amosa a súa centralidade como texto básico, e aínda como texto de textos, onde se enxerga unha peculiar interdiscursividade dinámica e conflictiva, a prol do crexemento das propias posicións -político xerais e galeguistas/nacionalistas- do autor, atravesado polas tensións político-ideolóxicas que, progresivamente polarizadas, se traducirían na ruptura de Dereita galeguista, na irreconciliable escisión co gallo do inserimento do PG no Frente popular. *Sempre en Galiza*, así, como texto *collage* reveste un carácter de auténtico epítome do capital ideolóxico galeguista, transmisor as seguintes xeracións, con posterioridade ó esfarelamento provocado pola Guerra civil, dos postulados básicos -as veces mesmo contradictorios e conflictivos entre si- do galeguismo republicano articulado a partires dun xeito que semella xa indiscutido: "Galiza é unha Nación".

SG, por outra parte, mais que un libro é un símbolo e todo achegamento analítico ó mesmo ten que enfrentarse a ese significado engadido que o fai portador do nacionalismo galego "tout court". Existe un uso acrítico, inmediato do orde simbólico, onde un se deixa decir, constituir pola presenza mesma do mito. Pero existe a posibilidade, tamén, e entendemos que irrenunciábel, de achegarse ó simbólico sen cartesianismos descoñecedores do seu relevo para a constitución do social, pero á vez lúcida e reflexivamente.

Alén da louvatoria do mito nacional, compre adentrarse, alén do arrizamento e ardentía propios dos discursos de vindicación, no vieiro da análise, para darnos conta dun tecido discursivo particularmente complexo no que agroman,

mesmo como se en ocasións aboiaran á toa, os liñamentos fundamentais dunha concepción da comunidade nacionalitaria galega, da súa fasquía orgánico-estrutural, do movemento dela portador, da idea, en fin, do pobo-nación a cristalizar da man do galeguismo.

A estes efectos analíticos compre salientarmos dous feitos que enmarcan necesariamente a investigación subseguinte. En primeiro lugar, SG é un texto en permanente construción, sempre inacabado, e unha tal perspectiva diacrónica, ao traveso dun arco temporal tan prolongado (1935-1947), fai ó libro debedor non xa dunha coxuntura interna, especialmente determinante e conformadora (A Guerra Civil española), senón da tensión internacional que desembocaría na II Guerra Mundial. Ambolosdous momentos enmarcan a evolución do posicionamento de Castelao, dos seus xuícios, dos seus desplazamentos ideolóxicos, mesmo do seu vocabulario.

En segundo lugar, Castelao, sabido é, non foi un teórico, nen por formación nen por vocación, un home da sólida formación e mesmo do rigor intelectual de Risco, o maxisterio de quen permea ate a mais íntima capilaridade o galeguismo da época. Endalí que non podamos impoñerlle una coherenbcia e unha sutura última ó seu discurso que se presenta moito máis superficial, menos ricaz en determinacións teóricas, semellando sempre inconcluso, por non dispor daquela capacidade e paixón por mante-lo fio da argumentación, mesmo polo acabado estético final da obra.

Ben e verdade que o recoñecimento dunhas tais limitacións non pode implica-la consideración de SG como unha sorte de mea sen conda, de irremediabel caos inorgánico de estratos superpostos, debedores do fardel de elementos de procedencia diversa que innegablemente o integran. Pola contra no seo dese magma discursivo comprobaremos, precisamente da man do concepto de nación, a emerxencia dunha particular reordenación dos elementos político-ideolóxicos do galeguismo histórico, o agromar dunha peculiar racionalidade interna, tamén dun posicionamento político propio que por problemas de exposición, unhas veces, de fundamento outras, daría lugar as lecturas mil que de Castelao se teñen feito, semellando por veces que alí se poden atopar citas que corroboren, ca autoridade do símbolo, as teses mais dispares.

Ate que no seu día dispoñamos da edición crítica de SG que historice, documente e desconstrúa, polo miudo e peza a peza, tan singular texto, as hipóteses plantexadas pola presente ponencia, deben tomarse coa provisoriidade pertinente.

Pero, noutro orde de cousas, e preciso deixar constancia doutro feito decisivo os efectos que eiqui interesan. O liderato teórico e político de Risco non samente sobre os sectores máis tradiconalistas do galeguismo na República, senón sobre dos democratas e progresistas foi tal, que SG pode ser leido como o esforzo titánico, omnipresente, e, certamente, non sempre conseguido, por se ceibar Castelao da longa sombra do mestre. Precisamente un dos obxectivos centrais desta intervención será dar conta de até que punto o último posicionamento progresista, democrata, de Castelao ten o seu correlato ou non na posta a punto dun concepto de nación autónomo, frente ó herdado de Risco, quen, a súa vez, o cons-

truíra rearticulando a idea de Galicia como Nación que no século XIX formulara Murguía.

Neste orde de cousas, e delimitando o noso obxecto de estudo, cara á formación dunha sorte de *tipo ideal* do concepto de nación presente en SG, e, en canto, tal, abstraíndo, ca conseguínte simplificación, os liñamentos claves dunha máis ricaz empiria, tentaremos dar conta dos seguintes extremos:

1.- Os elementos fundamentais cos que se constrúe o concepto de nación, o "núcleo duro" da calificación nacionalitaria

2.- A ordenación, peso interno relativo de cada un destes e a súa articulación como momentos dunha formación discursiva nacionalista. Asimesmo, as funcionalidades (mediacións, resolución de antagonismos, interpelacións inclusivas) e disfuncionalidades (contradiccións, tensións) que de tal articulación se derivan.

3.- Articulación do devandito núcleo duro discursivo con elementos relacionais, de exclusión, de identificación etc. que contribúen dialecticamente de xeito decisivo á fixación do concepto final de nación.

4.- Finalmente, a articulación de tódolo devandito co orde da política: institucional (modelo de Estado) e político-estratéxico (pobo-nación, apoios etc.).

Encetemos, pois, a nosa análise polo *concepto explícito de nación*, aquel do que Castelao se reclama en SG. Neste orde de cousas podemos atopar, sen animos de exhaustividade, canto menos tres formulacións en diferentes momentos (Libro I, Libro III e Libro IV) da obra.

O primeiro deles é a tantas veces desnortadora recepción do concepto de Nación de Stalin.

Este concepto de nación áchase integrado polos seguintes factores, considerados todos e cada un deles imprescindíbeis:

1. Idioma
2. Territorio
3. Economía
4. Cultura

Dunha tal asunción, teñense derivado as veces conclusións que, como agardamos amosar ó longo desta intervención, resultan abertamente insosteníbeis, non xa polo que atinxe ó achegamento á esquerda de Castelao, canto e polo que afai ó eixo do noso estudio, sobre a índole do modelo nacionalitario que unha tal asunción supón.

En efecto, toda unha ringleira de analistas da cuestión nacional e o marxismo, fronte a posicións louvatorias ó Pierre Vilar, teñen posto de relevo (Roslowsky, Rodinson, Löwy, W. Connor...) o sobredeterminismo culturalista que permea a devandita definición, caracterizada pola significativa exclusión do elemento político, feito de nengun modo alleo á hora da marxinação do federalismo e o dereito de autodeterminación na realidade da experiencia da URSS. (Cfr. W. Connor, *The national Question in Marxist-Leninist Theory and Strategy*).

Pola nosa banda entendemos resulta dabondo significativo que na definición estaliniana, -en patente continuidade co concepto de nación de Bauer que

debe ser valorado en rigor como a renuncia do marxismo a elaboración propia dun concepto non economicista de nación, para recibir acriticamente as teses centrais do organicismo romántico alemán- se proceda a exclusión do político in toto e o peso se reparta entre materialidade e cultura. Significativo para entendermos o relevo puramente cultural do federalismo da URSS pero, e sobre todo, significativo dos liñamentos centrais da idea de nación de Castelao.

O segundo concepto que podemos aillar, explicitamente formulado en SG, no Libro III, áchase constituído polos seguintes factores:

1. Etnia
2. Territorio
3. Lingua
4. Tradicións/costumes

Elementos a salientar, sen dúbida: a desaparición da economía como elemento nacionalitario e a aparición da "etnia diferenciada" no primeiro lugar. A primeira elisión contribúe a facer da "nación" un *significante flotante*, non vencellado a un modo de produción concreto -eis unha diferenza capital co nacionalismo tradicionalista de Risco ou de Otero, para os que a esencia da nación galega achábase fixada de xeito irrenunciabel como precapitalista- e que permite articulacións diversas con modelos económicos e receptores da interpelación nacionalista dispares.

Polo que afai ó segundo cambio, a noción de *etnia*, asume unha significación, neste lugar de SG, de neta impronta risquián pois se acha contextualizada a rentes dun concepto de nación como "feito biolóxico", entendida como "ser natural", falándose a continuación explicitamente de "raza". Todo apunta, en suma, a que nos atopamos perante un dos momentos de meirande influxo do concepto de nación de Risco e, xa que logo, do elemento *raza*. Obviamente tan so unha análise do contexto mais xeral do Libro III e aínda do inteiro SG pode fornecernos do alcance último desta presenza e responder á pregunta de si existe ou non unha continuidade ca liña que ven de Murguía e resulta reformulada por Risco nunha perspectiva abertamente antiliberal e reaccionaria.

O terceiro concepto explícito de nación atopámolo no Libro IV de SG e ven integrado polos elementos seguintes:

1. Idioma
2. Territorio
3. Morfoloxía social y económica
4. Cultura propia
5. Carácter étnico

A suliñarmos nesta formulación -que se atopa nas últimas páxinas de SG e tra-la consideración detenida dos modelos voluntaristas e organicistas de Nación- sobre o libro de Ruysen *Les minorités nationales*- o mantimento da etnia e a aparición da "morfoloxía social".

Verbo do primeiro, apontar que nas mesmas páxinas Castelao desactiva, non sen ambigüidades (como testemuña o renuente emprego do arsenal termino-

lógico racista: "mestizaxe", "sangue"... a inclusión da "raza", en sentido físico estricto, como elemento nacionalitario. Item mais, de feito, fala de "carácter étnico" e non de etnia tout court, o que psicoloxiza o elemento racial trasmutando en "enxebreza" espiritual.

De grande relevo asimesmo resulta o alcance que reveste o elemento "morfoloxía social e económica". Pouco se aclara ó respecto no propio lugar da definición, por mais que poda entreverse cómo ese "cadro completo da súa vida privada e social" non implica unha posición pasadista -de saudade do Antigo Réxime, tan siquer a nivel retórico- como en Otero, Risco, Losada... Pero, a súa presenza mesma, esta peculiar fixación do significante nación neste ámbito, pode dar claves da súa parella lonxanía cos postulados modernizantes e mais pro-urbanos dun Peña Novo, por exemplo.

En definitiva, a resultados desta primeira aproximación ó concepto explícito de nación en SG podemos salienta-los seguintes puntos:

1.- Atópanse sempre presentes: idioma, terra e cultura. O idioma tende a se-lo primeiro dos factores a considerar.

2.- A etnia, tende a desplazarse da raza cara o carácter, o espírito, a alma do pobo... en suma, o "Volkgeist".

3.- A morfoloxía social e económica adoita unha presenza feble e decantada cara peculiaridades sociais que non implican o remanecimento do modo de produción precapitalista.

4.- Non se atopa presente de xeito explícito a *Historia*. Así e todo, se reintroduce parcialmente a carón das definicións devanditas, falándose de "elementos histórico-naturais", da nación como "complexo de lugar, tempo e raza, ou de terra historia e pobo" etc. Endalí unha peculiar presenza da historicidade, certa, pero feble ou, canto menos, afectada por algún tipo de problemas articulatorios que compre examinar mais polo miúdo de contado.

5.- Exclusión total do elemento político do concepto de nación tanto no seu alcance institucional (Estado propio) canto de vontade (conciencia nacional política expresada).

En síntese, atopámonos en SG, en principio, perante un concepto explícito de nación de crara impronta *organicista*, centrado nunha *etnicidade* entendida mais como "volkgeist" e carácter nacional que como "raza", o que desplaza -en ausencia radical da *vontade* política como elemento conferidor do carisma nacionalitario- o cerne da definición ós sobranceiros produtos do "volkgeist"; a saber: a *lingua* e a *cultura*. Concepto explícito que, por outra parte, concede un statuto en principio feble e indeterminado á *Historia* e á *Estructura económica*.

Obtida a devandita primeira aproximación xeral ó concepto de nación en Castelao, da man do concepto explícito en SG, compre pasar a análise, con mais vagar, aínda que dentro dos límites que unha intervención desta caste impón, do *concepto en estado práctico* ou implícito de nación. Aquel que, sen acharse explicitamente desenvolvido, atopase presente polos seus visíbeis *efectos pertinentes* sobre a configuración do imaxinario político-ideolóxico nacionalista de Castelao. As precisións, matizacións e aínda desaxustes que verbo do inicial modelo explícito

aporte esta segunda análise, alumeará sen dúbida a caracterización final do concepto de nación do noso autor do que o concepto explícito somente fornecéu os seus eixos básicos.

A efectos puramente analíticos, descomporemos os diferentes *elementos* do concepto de nación, que de seu danse no texto mutuamente imbricados e con efectos recíprocos os uns sobre dos outros, segundo o *modelo* seguinte:

I.- *Elementos xenético-estructurais:*

A.- *Políticos* (exclusión):

- a.- Estado
- b.- Vontade

B.- *Etnicos* (fundamentación):

- a.- Raza
- b.- Terra
- c.- "Volkgeist"
- d.- Lingua
- e.- Historia
- f.- Estructura socioeconómica

II.- *Elementos relacionais:*

A.- *Negativos:*

- a.- Etnia de exclusión

B.- *Positivos:*

- a.- Etnia de reintegración
- b.- Etnia de identificación

III.- *Modelo xurídico-político de autogoberno:*

- a.- autodeterminación
- b.- soberanía
- c.- federalismo

IV.- Elementos político-estratéxicos:

- a.- partidos galegos/partido nacionalista
- b.- pobo/nación
- c.- apoios sociais

No devandito modelo entendemos por *elementos xenético-estruturais (I)* aqueles que constitúen o cerne configurador do concepto de nación, os que vertebran na súa concorrencia a *identidade nacional*, desempeñando un papel de *fundamentación* da mesma, integrando, por decilo con verbas de SG, a súa auténtica "esencia". En suma, tratase do que se pode considerar o "núcleo duro" da definición nacionalitaria. Núcleo que resulta da articulación interna dos *elementos* aillados (terra, lingua etc.) que, incidindo mutuamente os uns sobre dos outros se reaxustan, transforman e convirten en *momentos*, segundo da conceptualización de Laclau (*Beyond de positivity of the social*) dunha totalidade resultante que constitúe o eixo estrutural do concepto de nación.

Este núcleo duro, á súa vez, articúlase con outros elementos complementarios e igualmente decisivos: *relacionais (I)* polos que a comunidade así fixada xenético-estruturalmente se define positiva (reintegración, identificación) ou negativamente (exclusión) fronte a outras comunidades; *modelo de autogoberno (III)* que se predica a resultados da presenza dunha nacionalidade diferenciada e tendo en conta a serie de condicionantes relacionais; e *político-estratéxicos (IV)*, a través dos que se propón unha composición social específica para o pobo nación, se definen os integrantes da comunidade nacional, se articula unha praxis cos valores políticos xerais: democracia etc.. Todos estes elementos se imbrican mutuamente, á súa vez, cos xenético-estruturais cos reaxustes pertinentes nun proceso de *sonedeterminación*.

A resultante da devandita dobre articulación é a *formación discursiva nacionalista* o epítome e condensación da cal, obtido por abstracción, é o *concepto de nación*, os efectos pertinentes do cal á súa vez conforman a peculiar fasquía daquela. Este concepto funciona así, de feito, como un *sistema*, isto é: unha alteración dalgún dos momentos provoca transformacións, desplazamentos e tensións no conxunto dos restantes momentos, dada a súa interdependencia articulatória.

Esta totalidade discursiva articulada, o concepto de nación, onde os *elementos* soltos se teñen convertido en *momentos* (a saber: momento fundacional, momento relacional, momento xurídico-político de autogoberno, momento político estratéxico) a través da mediación recíproca, reveste unha natureza, pois, craramente *relacional*. O que á súa vez implica un carácter aberto e dinámico, endexamais suturado ou cristalizado definitivamente en canto formación discursiva, pois como ten posto de relevo a moderna filosofía da linguaxe de Wittgenstein a Derrida, a conversión dos elementos en momentos nunca é de todo perfecta e acabada, poden existir tensión, desaxustes, e a fixación *significante/significado* ten de seu sempre, no eido ideolóxico, certa ductibilidade. En suma, a formación discursiva nacionalitaria posúe un carácter dinámico, procesual, onde toda fixación de sentido resulta sempre relativamente provisoria. Endalí a utilidade epistemo-

lóxica, pero tamen a necesaria precaución, á hora de sintetizarmos o *modelo* de concepto de nación en SG, por canto éste tende a elidi-la vertente dinámica e diacrónica da formación discursiva, conxelandoa reductiva e estruturalmente sobre certas significacións privilexiadas, a xeito de lacanianos "points de capiton".

"Raza", "Terra", "Lingua", "Historia" etc. poden ser apprehendidos, dacordo con todo-lo devandito, a modo de *significantes flotantes* que no discurso de SG revestem unha serie de fixacións parciais, pasando uns ("Raza") á periferia da formación discursiva, e outros ("Terra", "Lingua") a convertirse en *pontos nodais* diferenciais que o autonomizan doutras formacións discursivas como a de Risco (i. e. "volkgeist/lingua vs. raza", por exemplo) coa que, así e todo, presenta non xa elementos senón articulacións comúns, zonas secantes, tanxentes e independentes que, na súa variación ó longo do texto de SG refrexan o devandito esforzo de posta a punto, de axeitamento dun concepto de nación coherente coa ideoloxía política do autor.

Neste orde de cousas, e polo que os *elementos xenético-estruturais* se refire unha primeira discriminación é constatable en SG. A saber: a exclusión dos elementos políticos na conceptualización de Galicia como nación e a correlativa centralidade dos elementos orgánico-historicistas, que agrupamos sob a denominación xenérica de *etnicidade*, denominación que de contado xustificaremos. Analicemos separadamente un e outro extremo.

A Política

O primeiro que cumpre pormos de relevo na análise do concepto implícito de nación en SG é que a afirmación de que "Galiza é unha nación perfectamente diferenciada" que Castelao reitera unha e outra vez, en suma o "Galiza xa é unha nación" de Risco, se traduce, asemade dunha peculiar valoración da historicidade que no seu momento analizaremos, nunha exclusión radical, *a nivel fundacional*, do ámbito da politicidade. En efecto, Galiza é *xa* unha nación por que, como veremos, a nación se define pola presenza da *etnicidade* (terra, cultura, lingua, tradición etc) o que implica :

1.- A ausencia de *Estado propio* carece de relevo á hora de conceptualizar a Galiza como nación

2.- Que a *vontade política*, isto é, a conciencia nacional políticamente expresada, carece asimesmo de relevo a tais efectos.

En SG prodúcese, deste xeito, unha peculiar *homoxenización* de dúas das principais significacións do polisémico término *política* (W. E. Connolly, *The terms of political discourse*), de tal sorte que se aunan e vencellan indisolublemente ambas dúas exclusións: a irrelevancia do Estado tradúcese na marxinación de toda a politicidade en xeral, en especial, da vontade política. Aquel, o Estado, é, de feito, considerado á postre como "un ser político, baseado na vontade dos homes" e, o propio tempo, a fundamentación na etnicidade tradúcese nun non-lugar para a

política. A etnicidade presentase así sempre en SG, o veremos de contado, como esencial e natural, a política como contingente e artificial.

Unha precisión importante compre facermos neste punto en evitación de posibles equívocos. A saber: falamos única e exclusivamente dunha *exclusión fundacional* da política en SG, o que de ningún xeito implica, exclusión "tout court" da política, cara o que sería un nacionalismo *culturalista* ("culturalismo" que polo demais non deixa de ser á postre sempre político) do tipo, por exemplo, postulado por Risco (e polo grupo ourensán) dos anos vinte e posteriormente superado, de alleidade á confrontación electoral, á construción dun partido político en sentido moderno (programa + organización) etc. Esta exclusión primeira da politicidade do "núcleo duro" do concepto de nación en SG non empece, polo tanto, a súa presenza clave e irrenunciable noutros ámbitos, en consonancia ca práctica do PG, nomeadamente: modelo de autogoberno e momento político-estratéxico.

Atendamos pola nosa banda á dobre e heteroxénea faciana da politicidade: o político institucional primeiro, o práctico-estratéxico despois.

Polo que afai a *exclusión do Estado* a posición de Castela ubícase, nas súas propias verbas, a carón dos "nacionalistas", é dicir aqueles para os que "o seu concepto de nación... é independente do concepto de Estado". Elemento sólito nos nacionalismos interiores dos Estados plurinacionais e consecuencia lóxica da impugnación do Estado-nación correspondente e que, de momento, non reveste meirande problema.

Esta separación do estatal e o nacional, sempre sobre o fondo da dialéctica política/eticidade que se sobrepón a aqueloutra artificios/natureza ou aínda Estado/sociedade civil aparece unha e outra vez nas páxinas de SG: "Unha cousa é a personalidade político-administrativa... e outra cousa a personalidade que ten unha nación, viva libre ou asoballada por outra".

De feito, como ten suliñado J. Breuilly (*Nationalism and the State*), o nacionalismo das nacións sin Estado pode ser interpretado como una específica resposta á distinción, propia da modernidade, entre Estado e Sociedade civil, cara á abolición da mesma e a reunificación dambolosdous ámbitos: "Somente si existe a noción do Estado soberano na esfera pública ten sentido a idea de autodeterminación política. Somente si existe unha noción diferenciada de sociedade civil privada, a cal é considerada como a fonte última da soberanía, pode sosterse que o poder remanece, en última instancia, no seo da nación definida en termos "privados", isto é, culturais".

Neste orde de cousas compre decatarmos da lóxica interna do discurso nacionalista onde o Estado, que a nivel de fundamentación, é dicir dos elementos xenético-estruturais no que nos atopamos, resulta carente de todo relevo íntegro, así e todo, un elemento fundamental en canto obxectivo político, como modelo de autogoberno que se pretende. O diferenciado estatuto do elemento estatal conségeuse, no discurso nacionalista de SG, a través precisamente do xogo da diversificación dos niveis: xenético-estrutural e modelo de descentralización de tal xeito que só ocasionalmente se poñen ambolosdous, conflictivamente, en contacto: "¿Que Galiza non é unha nación por non ser un Estado independente e soberán?"

Se tal defecto nos fose imputado por hespañoes, nos sentiríamos incitados ó separatismo".

Pero, suliñábamnos, a exclusión do Estado prolóngase en SG na exclusión da política "tout court", mais en concreto: da *vontade política* de constituir unha nación. En efecto, en SG, atopámonos perante unha renuente desconsideración da vontade como factor nacionalitario: "as nacionalidades hespañolas... son feitos que sobrepasan a vontade dos homes, porque xurden dos accidentes da terra e dos legados múltiples da tradición que lles dan continuidade na historia".

Unha tal exclusión da vontade atopa, sen dúbida, o seu meirande degaro de expresión naquelas pasaxes do texto nas que a presenza do concepto risquián de nación é mais patente, pois aquel, lembrémolo, partía dunha enemiga radical ó criterio da vontade. Cando SG define o "feito nacional como unha fatalidade biolóxica, independente do ser político que se basa na vontade dos homes", áchase incorporando, transcribindo o concepto de Risco: a nación como "feito natural, biolóxico, independente da vontade dos Homes" (*Nacionalismo Galego*).

Lonxe, moi lonxe nos atopamos do concepto voluntarista de nación, tanto daquel "plebiscito cotidiano" de Renán -que funcionaba de feito, alén do seu propio inserimento na mais complexa obra do autor, como "símbolo" do nacionalismo voluntarista- como das formulacións dos Mancini e Mazzini ("a patria e ante todo a conciencia da patria que se manifesta cara dentro e cara fora"etc.). Tamén, e sobre todo, para estes era de aplicación a crítica de Castelao ós liberais, pois para eles: "as nacións non era seres históricos e naturais, senón feitos creados pola vontade popular".

Esta consideración de SG das nacionalidades como "seres creados pola natureza e independentes da vontade dos homes" mantense ó longo do texto, de xeito unhas veces explícito, outras implícito, ao enumera-las características conferidoras do carisma nacionalitario omitindo o devandito elemento.

Tema este da vontade, polo demais conectado ca problemática política da II República española, especialmente co desenvolvemento do modelo de descentralización política en rexións autónomas da man do Estado integral. En efecto o requisito de plebiscitación do texto estatutario esixido constitucionalmente (art. 12. b) dos dous tercios do censo electoral -esixencia dura de seu por contabilizar negativamente a abstención-, viña por de relevo a feblez de apoios do nacionalismo galego concretado no respaldo ó Estatuto que, de non conseguirse, podería implicar un retraso de cinco anos na consecución de autonomía: "por qué as rexións que queiran vivir en réxime de autonomía se lles impón a obriga constitucional de votaren primeiramente o seu Estatuto?"

Esta problemática reactiva o posicionamento que, a nivel de fundamentación xenético-estructural, xa estaba dabondo claro no concepto de nación que vai progresivamente agromando: "Creemos que a vontade popular plebiscitada, por moita importancia que ela teña, non lle da a unha rexión a categoría de nacionalidade. As nacións non se crean somente pola vontade dos homes...".

Todo acontece como se o unico plebiscito permisíbel, no cerengo da fundamentación etnicista da nacionalidade de SG, fora unha sorte de plebiscito inconsciente, natural, implícita aquiescencia ó orde subxacente da nación vía etnici-

dade, como se expón da man dunha insólita e altamente significativa recepción da definición clásica de Renán. A teor daquela, en efecto, reintrodúcese, o imprevisto elemento da vontade, pero como mera vontade implícita: "a vontade dos individuos de cada grupo debe ser respetada, cando por un plebiscito de tódolos días mantén e sostén a independencia do seu xenio, reflexada na cultura, lingua i espírito propios". En suma: o "volkgeist". Atopámonos unha vez mais antípodas do *Qu'est-ce qu'une nation?*: "O home non é escravo da súa raza, da súa lingua, nin da súa relixión.... unha agrupación de homes crea unha conciencia moral que se chama nación".

Rexeitamento da vontade política e concepción organico-naturalista da nación, que nalgunhas ocasións, contadas pero claras, entra en contacto cun innegable *elitismo político* subxacente en SG da man da necesaria presenza de intérpretes auténticos da identidade nacional que, sen acada-los niveis de radicalidade e explicitación de Risco, introduce, así e todo, elementos de tensión face o posicionamento político-democrático do autor: "A representación política, lograda polo sufraxio universal, pode ser efectiva e eficaz en cada un dos grupos nacionais, supondo que a vontade xeral teña capacidade para eleixir... ou negando que o dictame mais acertado poida xurdir do xuício das minorías".

Tensións entre a ideoloxía política democrática do autor e radical exclusión da vontade que apuntarán, asemade, no eido do modelo de autogoberno. En efecto, a desconsideración da vontade semella empuxar a Castelao cara á postulación dun federalismo orgánico, cáxeque natural, rexeitando "as teorías do pacto sinalagmático e conmutativo". Pero tais teorías, a propia idea do pacto político semellan ó propio tempo inescindibéis do ideario descentralizador federal ("foedus" = pacto) que se basa no acordo democraticamente asumido polos cidadáns dos diversos Estados federados ó constituírense á federación. De contado abordáremo-lo tema con mais vagar.

Mínusvaloración da vontade e elitismo debedores, en última instancia, do propio estadio en que Galicia se atopaba daquela como nacionalidade. En especial, o remanecimento no que Miroslav Hroch denomina a "fase A" do nacionalismo, a saber: a presenza dun sentimento difuso de pertenza á comunidade diferenciada ("Zugehörigkeitsbewusstsein") e a falla dunha conciencia nacional politicamente expresada ("Aktivenationalbewusstsein") (Hroch, M., *Die vorkämpfer der nationalen Bewegung bei den kleinen völkern Europas*). Endalí que as febles bases e apoios da mobilización galeguista, reenvien á etnicidade en ausencia, obrigada non xa do Estado propio senón mesmo da vontade nacionalitaria: "o embrullo ármase cando a nacionalidade -que é un ser natural- pasa do sentimento dos seus fillos á súa vontade política; é dicir, cando a nación quere constituir un Estado".

Polo demais non fallan pasaxes de SG que recoñecen explicitamente a ausencia daquela activa conciencia nacional: "aos galegos pode faltarnos a vontade de crear un ser político independente" etc., feito que no marco do Estado español plurinacional e fronte a mobilización crecente das outras nacionalidades, sitúa a argumentación de Castelao en posicións particularmente difíciles" a vontade política (de Galicia) non podía compararse coa de Cataluña e a do País Vasco, o que non é motivo para negarlle o dereito a ser libre ¿Mídeuse algunha vez a vontade

política do pobo hespañol para saber se Hespaña debe ou non ser independente?... non se pode medir a capacidade dun pobo polo resultado dun referendun". A democracia reenvía inapelablemente de seu á regra das maiorías o que como é lóxico, no caso galego, dada a feble implantación política do nacionalismo, provoca nos galeguistas, ate nos mais progresistas, unha patente sobredeterminación organicista, na fundamentación, e elitista, no político-estratexico, pois a incorporación da vontade resultaría contradictoria coa conceptualización de Galicia como nacionalidade realmente existente e acabada.

Velaí o tránsito obrigado e funcional político-ideolóxicamente do concepto "filosófico" de nación ó concepto de "nación natural", da abstracción á empiria da organicidade, da vontade política, en definitiva, ó *orde subxacente* posuidor inmútable das claves, da verdade esencial da nación. Galicia, arguméntase, é unha nación póla súa etnicidade diferenciada, alí é donde reside á súa "esencia", o problema é conseguir que tal esencia se exteriorice, pero de feito entendese xa fornecida, enteira, distinta por mor desa "unidade subxacente", agardando explicitarse dado que "o pais mantén latexante á súa personalidade nacional". O non lugar para a conciencia nacional/vontade política como elemento nacionalitario tradúcese inesquivablemente na consideración de Galicia como algo xa dado nas orixes dos tempos, unha entidade que non hay que construír, dado que xa é unha nación, senón conseguir que amose a súa esencia, desplegándoa como conciencia nacional: traballar arreo -"petar na conciencia do pobo"- para que, en definitiva, aplicando os termos marxianos, a "nación-en-sí" deveña "nación-para-sí".

A vontade, trasunto da política é así designada como *artificio* que se contrapón a solidez esencial da nación, entendida como *natureza*, como inmutable orden subxacente alén da continxencia: "ser natural", "categoría natural" etc. etc. De feito, compre recordalo, para a teoría política da modernidade a politicidade é considerada efectivamente sempre como algo artificial, creado polos homes, tanto en canto práctica desasida da moral (Maquiavelo) como institución estatal que se ergue por riba da sociedade civil (Hobbes), en aberta oposición á teoría política preestatal que daba por sentada a naturalidade da comunidade social e do poder político no seu interior ("societas civilis sive politica").

Por outra parte, este concepto de "nación natural", que se reitera ó longo de SG, amósase como resultado dunha dobre exclusión, da vontade/conciencia política, en efecto, pero tamén, como analizaremos endiante, da propia historia, entendida non como repetición ou actualización da natureza senón como construción, indeterminación e apertura esenciais.

Neste orde de cousas, a esencia *natural* da nación, na súa intanxibilidade e solidez suprema érguese en fundamento incontestable da reivindicación política nacionalitaria, lexitimando a pasaxe do *feito* ó *dereito*: Galicia é titular dunha "soberanía natural que ten dereito a exteriorizarse en soberanía política".

Deste xeito a "nación natural", en alleidade ó artificio da política, Estado ou vontade, maniféstase nunha sorte de *aseidade*, fora de calquer continxencia histórico-política, da man desa "fatalidade" insoslaiabel que rematará, non podería ser doutro xeito, por impoñerse: "é doado esperar que o Bierzo e demais comarcas limítrofes de Ourense e Lugo, se incorporen ao seo da súa nación natural".

A nación galega, en canto "ser creado pola natureza" é, así, pensada en SG como ente definitivamente suturado, titular dunha esencia inalterable, idéntico, en definitiva, un: "Galiza é unha unidade perfecta".

Finalmente, compre non perdermos de vista a non excepcionalidade de canto vimos analizando en SG, na experiencia comparada dos nacionalismos, nunha perspectiva, se se quer mais de socioloxía histórica, que canto mais forte é a oposición/movilización política contra do Estado realmente existente, menos decisiva resulta a apelación á identidade cultural. Como teñen posto de relevo autores como Breully, Hroch, Smith e outros, os casos multiplicanse corroborando esta hipótese: os revolucionarios americanos fundamentaban as súas esixencias en termos de dereitos naturais universais, os oponentes Magyares ó emperador dos Habsburgo en termos de dereitos políticos históricos... Outro tanto acontece no seo dos Estados-nación occidentais, Francia ou o Reino Unido que, fundados nun primeiro momento sobre criterios de cidadanía, territorialidade e soberanía, perante amenazas internas ou externas posteriores, procederon a desenvolve-lo cultivo dunha identidade colectiva de natureza etnico-cultural.

A Etnicidade

A dobre exclusión da politicidade tanto en canto Estado como en canto vontade política, proxecta, como xa dixemos, sobre a *etnicidade* o peso central dos elementos xenético-estructurais do concepto de nación implícito nas páxinas de SG.

Sob a rúbrica de elementos (tomados ailladamente) ou, mais propiamente, *momentos* (en canto articulados discursivamente) *eticos* incluímos os seguinte presentes todos eles dun ou doutro xeito en SG:

1. raza
2. terra
3. "Volkgeist"
4. lingua
5. historia
6. estrutura socioeconomica

O procedermos deste xeito partimos, en primeiro lugar, da consideración de que tales elementos obxectivos adquiren o seu sentido somente en canto son discursivamente construídos, incorporados e articulados na formación discursiva nacionalista. Isto non quere dicir que non existan elementos obxectivos, exteriores ó pensamento e, á súa integración discursiva, senón que aqueles asumen o seu relevo e significación polo feito de seren designados, significados, no proceso de *sobredeterminación* que os introduce no orde simbólico. Todo elemento nacionalitario se construe como momento interno dun discurso e resultaría en vano procuralos ó marxe das súas *condicións discursivas de emerxencia*. Unha lingua diferenciada por exemplo, é un fenómeno constatable empíricamente na realidade, existente con independencia da vontade dos galeguistas, pero a súa construción

ideolóxico-discursiva, que é á postre a que lle da carta de natureza política, pode facerse en termos de "dialecto rural no apto para la vida moderna y destinado a extinguirse", ou como "o atributo mais esencial da nación... producto da predisposición psicolóxica dun pobo que, en condicións históricas determinadas, crea unha cultura". O mesmo feito indiscutido da lugar, no seo de diferentes condicións discursivas de emerxencia, a articulacións diferenciadas de sentido para os diferentes factores nacionalitarios. Así, somentes no "language-game" (Wittgenstein) do nacionalismo a lingua é un elemento inserido na organicidade da etnia, emanación do "Volkgesit", e "non un producto da vontade xenial dun fato de homes". Os elementos nacionalitarios (lingua, terra, historia, etc) endexamais son fornecidos, dados como meramente preexistentes, naturais, áchanse pola contra, sempre, dun xeito ou doutro, articulados no interior de totalidades discursivas. Por exemplo, a paisaxe de Galicia pode resultar entendida como "Montañas, cuya, por decir verdad, espesura es suciedad, cuya maleza es malicia..." ou como "a terra mais fermosa de España e cicacis a mais fermosa do mundo... a nosa terra e decir, a nosa nación" (SG).

Consecuencia do devandito é que no modelo que propomos para a análise do concepto de nación implícito en SG -e á diferencia co propio proceder do autor que nos ocupa- non fagamos distinción entre os elementos obxectivos e a súa consideración político-ideolóxica nacionalitaria, entre un pretendido ser e a súa conciencia latente ou non, senon que os consideremos como momentos internos dunha específica formación discursiva, ou se sequer, peculiar "xogo da linguaxe".

Endalí, en síntese, que empreguemos o concepto de *etnicidade*, englobando os elementos devanditos ("terra", "lingua", "historia" etc.) designando non factores pretendidamente obxectivos, conferidores do carisma nacionalitario a Galicia, senón *significados conferidos polos ideólogos galeguistas a determinadas propiedades culturais, espaciais e temporais así como á interacción entre as mesmas*.

Os intelectuais galeguistas, como tantas outras "intelligentsias" nacionalistas, desde "a cova céltica" ate a "xeneración NOS" procederon á elaboración dunha formación discursiva na que se constrúe a diferenza específica de Galicia sobre a base de determinados elementos: etnia céltica, lingua propia como idioma nacional, exclusión e diferenza verbo do semita/español etc. Seguindo a diferenciación establecida por A. D. Smith (*The ethnic origin of nations*) a devandita actitude *etnocéntrica* postulábase ó propio tempo polos galeguistas como militante *eticismo* é decir, xeración dun movemento en loita polo espallamento desa conciencia das elites galeguistas ó conxunto da poboación ou alomenos a algúns dos seus sectores.

Entendendemos así que a *sobredeterminación* (Althusser, L., *Pour Marx*) de determinados elementos espaciais, temporais e culturais e a súa articulación como *momentos do orde simbólico nacionalitario* constrúe o *imaxinario nacionalista* que tenta fornecer respostas a preguntas do xeito: ¿quén somos os galegos como comunidade, en que consiste este colectivo "nos"?, ¿qué nos falla ou nos foi arrebatado para a nosa completude? ¿qué é o propio de nos e qué nos diferencia dos outros?...

Na resposta a estas cuestións atopamos cómo o significante Galicia reenvía a dous significados de distinto alcance, un de mera *denotación*: inmediato, descriptivo, o nome, o país; outro de *connotación*: mediato, comprensivo, fornecedor da cualidade primordial, a Nación. Outro tanto acontece co significante "galegos" denotador dos cidadáns de Galicia, pero, asemade, poseedor dun sobresignificado engadido pola connotación: "fillos de Breogán", "membros da etnia céltica" etc.

Como ten suliñado Castoriadis (*L'Institution imaginaire de la société*): "Alén do nome... se constitui, se solidifica ("s'alourdit"), se materializa a institución que plantexa a colectividade como existente, como sustancia definida e duradeira alén das moléculas perecederas, que responde á pregunta polo seu ser e pola súa identidade, referíndoos ós símbolos que a vencellan a outra "realidade" ".

En suma, o preto abano de factores diversos, agrupados sob o concepto de *etnicidade*, áchase construído sobre dese conxunto de "mitos, recordos, valores e símbolos" resultante da sobredeterminación dos elementos varios: "terra", "lingua", "cultura", "volkgeist", "historia"... etc., produto sobranceiro do cal resulta o *complexo mítico-simbólico nacional* no cerne do que se ubica o mito de común ascendencia, verdadeiro *mito fundador*, mito das orixes, auténtico *mythomoteur* (na reformulación de Armstrong, J. A., *Nations before nationalism*, sobre o concepto orixinal de Abadal) da formación discursiva do nacionalismo galego desde o seu creador Murguía, aló no s. XIX.

Consideremos pois os diferentes integrantes da *etnicidade* autonomizándoos os uns dos outros ós soios efectos analíticos, dado que, como xa reiteradamente vimos suliñando, á súa articulación como *momentos* da totalidade discursiva nacionalista, non samente lles otorga unha fixación específica de sentido, perdendo o previo carácter "flotante", que como *elementos* posuían, senón que procede ó seu recíproco inserimento, vencellándoos indisolublemente no sistema *relacional* de interaccións que nos ocupa.

A Raza

Encetando polo elemento que semella sobranceiro no concepto de nación galeguista desde a súa construción por Murguía, como xa temos analizado noutros lugares, ate a súa recepción e rearticulación por Risco como ten amosado de xeito concluinte Beramendi (*Vicente Risco no nacionalismo galego*), unha primeira constatación resulta perentoria. A saber: por mor de todolo anteriormente devandito pode comprobarse que a *etnicidade* desborda amplamente calquer pretensión de restrinxila ó factor puramente *racial*, ó que semella reconducilo sistemáticamente a propia etimoloxía malia os sólidos esforzos analíticos (Berghe, Kuper, etc.) a prol de por de relevo a súa non correspondencia. A *raza* non é, entendemos, mais que un momento da complexa formación discursiva nacionalitaria orgánica, o alcance e contido do cal dependerá da súa propia construción interna, peso específico no conxunto e articulación no seo dos momentos xenético-estructurais, así como relacionais e político-estratéxicos do inteiro concepto de

nación. Ningunha univocidade, pois, resulta predicable a priori dun significante que adoita, segundo o seu específico inserimento semántico-conceptual, unha grande plasticidade polisémica.

Xa temos suliñado antes a idea básica de Galicia como "nación natural", pousidora dunha "soberanía natural". Trátase de darmos conta agora de si unha tal naturalidade do feito nacional se prolonga, asemade da exclusión do artificio da politicidade (Estado, vontade) nunha recepción en SG da idea fisicista de raza, en definitiva, do racismo. Posibilidade que non pode ser desbotada de antemán por canto o concepto de Nación de Risco (asi como o de Murguía do que aquel constitúe unha reformulación) do que SG resulta patentemente debedor en tantos extremos, amosa unha innegable recepción das teorías da raza.

O mito ario, as leis do remanecimento dos tipos raciais, a idea da pureza racial, e mesmo da superioridade dunhas razas sobre outras, patentizan ese innegable racismo risquián que procede non samente á "identificación etnocéntrica de raza e cultura" (Glean O'Callagan) senón mesmo á identificación biolóxico-fisicista "por causalidade, redución ou analogía, da forma cultural á forma somática" (C. Guillaumin, *L'ideologie raciste*). Lembremos afirmacións de Risco como as seguintes: "Cada raza posee determinadas características corporais é espirituais, determinada organización física e psíquica", ou: "creo na selección e na euxenesia, e sei as propiedades dexenerativas do mestizaxe" etc.

Nun primeiro momento poidera pensarse que SG se limita a incorporar, sempre, en todo caso, con menor énfase, o determinismo fisicista da raza. Lembremo-lo concepto de nación como "fatalidade biolóxica, independente do ser político" transcripción literal da formulación de Risco. O propio término "raza" aparece en ocasións varias: "concerto misterioso da nosa raza", "non quere que se siga decindo que os hespañois somos da mesma raza", "continuidade da nosa raza através de dous milenios", "Euzkadi é unha nacionalidade hispana que se funda principalmente nas características da raza" etc. etc. Compre, asi e todo, e frente a calquer apresurada correspondencia, darmos cumprida conta do *concepto* operante trais dese uso terminolóxico.

Outro tanto acontece cando se comproba que SG se atopa inzada de ferventía étnica: "A nación é un grupo humano étnicamente diferenciado", Galicia ten "caracter étnico propio", "a enerxía étnica que vive nos limos da conciencia nacional de Galicia" etc.

Así é todo unha análise mais detida da problemática amósanos un panorama global de SG ben diferente, e mais en concreto: un esforzo non pequeno por se ceiba-lo autor do sesgo que asume o momento fundamentador dun capital ideolóxico nacionalista que incorpora nuclearmente (Murguía, Risco) a idea fisicista de raza soldándoa co mito fundador de común ascendencia (celtismo).

En efecto, en primeiro lugar, pode comprobarse en momentos varios un alonxamento explícito das teses nacional-raciais. Así por exemplo, sob o impacto do concepto de nación estaliniano: "A raza non é tan siquera un elemento diferencial da nacionalidade, e non se pode fundar ningunha reivindicación nacional -así di Stalin- invocando características de raza. O nacionalismo racista é un delito

e tamén un pecado. Endexamais medimos os diámetros do noso cráneo, nin llo pedimos a ninguén para ser admitido na nosa comunidade".

Noutras ocasións maniféstase mais craramente a tensión resultante entre o desbotamento do criterio racial e o mantimento do *mythomoteur* do nacionalismo galego: "Galicia ten, se quixéramos, que non queremos, características diferenciais de raza, pois somos predominantemente celtas".

Pero, en segundo lugar, e conxuntamente ca negativa á incorporación do elemento "raza" como momento do seu concepto de nación, apréciase un desplazamento clave en SG no significado que crecentemente pasa a asumir aquel significante, desplazamento que, ó noso entender, permite o mantimento da eficacia fundamentadora do mito céltico sen asumir-la carga biolóxico-fisicista que o acompañaba desde á súa orixinaria formulación murguián. Trátase do desplazamento dunha idea somática de raza cara unha formulación cultural-espiritual da mesma.

En efecto o deslizamento semántico "raza" -- "etnia" -- "caracter étnico", amosa ó noso entender unha recondución psicoloxista e espiritualista da etnicidade cara á "alma", as "virtudes dun pobo"; en definitiva, cara o "Volkgeist": "Existe en Galiza unha homoxenidade de carácter, tan secularmente autóctono, tan contrario a alma castelan, que a miúdo caemos en tentacións antipáticas, tais como a de proclamar que nos somos *arios* e os demais *semitas*".

Se, como xa temos subliñado no seu día, na construción discursiva de Galicia como nación de Murguía, o "Volkgeist" non era senón un mero subproduto, epifenómeno da raza... en SG, a centralidade do Volkgeist despraza o elemento racial cara á periferia, agromando de cando en vez con carácter puramente residual e retórico. O elemento "raza" valéirase patentementemte de contido biolóxico-somático para encherse -sob o mesmo *término* agroma así un diferente *concepto*- dunha sobredeterminación psicolóxico/espiritualista que reenvía á "alma do pobo". Deste xeito o mito céltico segue en pe, mantendo toda a súa forza de fundamentación da comunidade nacional galega. Pero, compre salientalo, as "esencias celtas" son agora "unha enerxía étnica que vive nos limos da conciencia nacional de Galicia", que se prolongan na "alma do Pobo", nos "modos de vida", nos hábitos de asentamento territorial: "a estirpe celta que antano baixara das citanias amuralladas, atopou na Eirexa un novo castro... e así xurdeu a ferigresía ou parroquia", "é doado observar (en Galicia) que a poboación está distribuída en *natural desorde* como nos países celtas, i en evidente contraste cos módulos de agrupamento social en Castela e nas demais rexións hespañolas" etc. etc.

Finalmente, a deconstrución da previa articulación fisicista do *mythomoteur* céltico permite, da man da nova rearticulación espiritualista, acentuar-la súa funcionalidade relacional positiva de identificación que aquel desempeña no constructo discursivo: "certo que nos sentimos celtas, pero máis que pensar nos invasores que nos deron o pulo xenésico da nosa unidade espiritual, pensamos nas afinidades étnicas que nos asemellan a outros pobos atlánticos, que viven nos Fisterres: irlandeses, galeses, bretóns etc. "

Endalí que, dada a anterior reformulación, en SG o mito fundador do celtismo desenvolve a sólita funcionalidade desta caste de imaxinarios; a saber:

1.- A fundación da Comunidade de orixe ó traves do predicado dunha común ascendencia. Eis, en efecto a *etnia* galega no dobre sentido do "Ethnos" clásico, vida común e cultura compartida, así como común pertenza tribal o traves de vencellos familiares. Velai o nacemento dunha *identidade* no sentido de seren todos galegos unha comunidade: "este país foi sempre un". Frente a formulación do mito céltico en Murguía, que xa no seu día suliñamos (*O rexionalismo galego: organización e ideoloxía*), o desplazamento e autonomización da *comunidade simbólica* sobre a *comunidade xenético-natural* no imaxinario nacionalista de SG resulta altamente significativo nos termos antes expostos. A raza e o sangue vense erosianos na súa biolóxica fisicidade para reformularse como auténtico: "élan vital" da nación, o seu "Volkgeist" intanxibel.

2.- O mito céltico promove asemade un reforzo das bases para a inaplazable *decisión de nacionalidade* (W. Bell): fundamenta a loita nacional na seguridade, na certeza do ter sido unha vez unha comunidade dotada de conciencia explícita e de vontade. O nacionalismo se presenta así como recuperación, como *devolution* da dignidade e autogoberno perdidos. Sobre o cerengo do "Eterno retorno" os mitemas da *Idade d'Ouro* e aínda, implícitamente, da *Fermosa durminte* (K. Minogue, *Nationalism*) vencellan así pasado e posibilidade de futuro no *national awakening*, no definitivo despertar nacional de Galicia.

3.- En terceiro lugar o mythomoteur céltico desenvolve a funcionalidade de fundamenta-lo elemento relacional negativo da *etnia de exclusión*, frente a que se define dialécticamente -como decontado veremos- a nación Galega, en canto arquetipo de negación. A dialéctica propio/alleo, amigo/enemigo, sempre a nivel de fundamentación, non se formula en SG, a diferenza de Murguía ou Risco, sobre daqueloutra ario/semita de impronta somático-fisicista, mais mantén así e todo a súa funcionalidade de delimitación, de fronteira e alleidade cultural como logo comprobaremos sobre a rede semántico-conceptual de oposicións norte/sur, atlántico/mediterráneo, Europa/Africa etc.: a afirmación da propia identidade constrúese, así, como negación do Outro, como negación, en suma, da negación, no seo dunha interpelación ideolóxica de tipo *posicional-existencial*. (Therborn, G., *The power of ideology*)

4.- En cuarto lugar, o mito fundador de común ascendencia céltica vehicula asimesmo a *interpelación histórico-inclusiva* (Therborn, G.) do discurso nacionalista de SG: os galegos son chamados á causa nacional, por riba das fendas que os podan separar, en canto titulares dun "alma común", hirmandade espiritual enxergada polo "Volkgeist". A identidade personal acádase na fusión ca identidade colectiva, ónde reside a súa verdade última, fusión que restitui a mismimidade enaxenada: a autodeterminación nacional é, a postre, autodeterminación de todos e cada un dos galegos. A comunidade de orixe cimenta a unidade dun bloque nacional interclasista, *o pobo-nación*, desplazando as fronteiras cara o exterior da propia comunidade e non admitindo interiormente mais "cleavage" que o dos bos a "desleigados" galegos.

5.- Unha quinta funcionalidade do mito céltico reside na fundamentación do elemento relacional positivo, a *etnia de identificación*: as afinidades cos outros países célticos europeos (Irlanda, Gales...) integran un peculiar vieiro de europeí-

zación e até de modernización, pero unha modernización fidel "á morfoloxía social antiqüísima" de Galicia, respetuosa para coas propias raiceiras. En suma: apoio político, solidariedade internacional, reforzo da diferenza etnico-cultural, fidelidade as "propias esenciais"... derivanse do inserimento na comunidade mais ampla dos países celtas.


6.- Finalmente, o mito celta fundamenta no orde simbólico a impugnación do Estado centralista e a necesidade de autogoberno, de Estado propio. O Estado español é considerado como unha superestructura artificial, como a imposición sobre Galicia dunha etnia allea, radicalmente extraña. España non é senón unha "entelequia de nación", un Estado opresor das nacionalidades interiores. Endalí a impugnación do centralismo, a postulación da descentralización política, do federalismo das nacionalidades que decontado veremos.

En definitiva, velaí a pluralidade e extensión do campo imaxinario que o mito céltico abrangue, esa insoslaíbel labor da "Produktive Einbildungskraft", *imaxinación productiva*, -por decilo en verbas dun autor caro tanto a Murguía como a Castelao: J. G. Fichte- absolutamente central como referente último da formación discursiva nacionalista de SG. Nengún racionalismo cartesiano, despectivo para coa funcionalidade do mito, sob a inxenua pretensión de atopar na cientificidade a derogación da pertinencia social do simbólico, resulta, pois, de recibo. Entre a desconsideración do relevo dun tal mecanismo interpelador e a resposta positiva ó chamamento constitutivo do mito, compre procedermos á análise polo miudo do seu funcionamento concreto. E preciso darmos conta dos vieiros polos que o *mythomoteur* céltico, fundamenta no imaxinario nacionalista todos e cada un dos *momentos* da formación discursiva nacionalitaria, permea ate a mais íntima capitalidade o concepto de Nación en SG, e alén da política ou da ideoloxía, se adentra nos eidos da fantasía, da literatura, otorgándolle unha capital dimensión estética, erguéndose como auténtico cerne, motor-inmóvil simbólico da súa interpelación nacionalista. Endalí á eficacia constitutiva da condición de *galeguidade* que na súa capacidade de invocación reside, endalí tamén o poder de *naturalización* por riba do esquivo abano de continxencias adversas que amosa a Historia.

Compre, entón, analizarmos mais de perto o mecanismo semiolóxico do mito céltico por indagarmos onde reside a súa forza, a súa eficacia como trasfondo imaxinario do nacionalismo galego que se recibe e a su vez transmite en SG. Seguindo a análise semiolóxica do mito de Barthes (*Mythologies*), como cadea de significación segunda, a "Civilización céltica" integraría un significativo a súa vez xa resultado dunha previa relación de significación. A saber: a historia depúrase de empiria, de pretensión de estricteza científica... os "castros", os "torques", os elementos todos da cultura castrexa que integrarían o *sentido*, son transformados, para recibir un sobresignificado, en pura, imaxinaria *forma*: "os celtas, os nosos antepasados...". Non é que se negue a Historia, de feito como Barthes sulíña o sentido é sempre unha reserva de Historia, senón que se deforma na sobresignificación para dar a luz o *concepto*, a saber: a "galeguidade". O concepto é así, histórico e intencional, é, de feito, o móvil do mito, a súa función, e, en canto significado segundo, sobreengadido, posue á súa disposición unha reserva ilimitada de

significantes. Finalmente a *significación* (a "etnia céltica") é o mito mesmo, a relación forma/concepto. A deformación aporta así, dunha banda: *verosimilitude*: non é pura invención; doutra, *interpelación*: o céltico devén e postúlase como a esencia mesma da galeguidade.

ESTRUCTURA SEMIOLOXICA DO MITO CELTICO



O mito *naturaliza* o concepto ("a galeguidade"), *transforma a Historia en Natureza*, de tal xeito que o significante funda "naturalmente" o significado: a "galeguidade" pasa así, paseniño, ó estado de natureza. Isto implica que, en vez de como un *sistema semiolóxico* o mito é percibido polos seus receptores como un *sistema inductivo*, como un proceso causal. En definitiva: en vez de como un sistema de *valores*, como un sistema de *feitos* innegabeis.

Prodúcese pois ó cabo unha eliminación da Historia, quérese dicir, da vontade político-ideolóxica que fai proferi-lo mito, a suá construción fica oculta, *ontoloxízase* á vez que se *naturaliza*. O mito fundamenta como natureza o que é intencionalidade histórico-política concreta. O seu resultado: funda como natural e eterno o que non é senón histórico.

Endalí a súa eficacia última, o mito clarifica, simplifica, favorece o acceso directo da intuición, esfarela a complexidade do histórico. Atribúelle a súa narración a nitidez impoluta das *esencias*, como subliña Barthes: proporciona unha "claridade feliz".

Comprobamos pois, como o mito fundador do celtismo reenvía á *natureza* aínda alonxándose da versión biolóxicista e somática da idea de raza. As consecuencias que ese naturalismo da cultura e o "Volkgeist" teñen sobre do factor nacionalitario da historicidade analizarémolas de contado. Pero pasemos agora a outro momento central dentro dos xenético-estruturais da etnicidade.

A Terra

A diferenza do que acontece coa *raza* SG incorpora unha valoración xenético-estructural do momento *terra* de neta procedencia risquián. En efecto, lembremos que para Risco: "a nacionalidade supón a Terra" e o cerne da nación achábase integrado por aquela peculiar colusión de "etnos" e "gea".

En SG achámonos perante reivindicacións diversas da centralidade do momento *terra* o que, dado o esfarelamento da articulación bioloxista da "raza", sitúa ó *momento espacial* do concepto de nación como a reserva última de organicismo e fisicidade da formación discursiva nacionalista: "Para nos, os galegos, a Terra (asi, con maiúscula) é Galiza. O que nos xunta nunha comunidade espiritual é, principalmente, o amor a Terra. En canto decimos "a nosa Terra", queremos dicir "a nosa Nación". "A Terra é a Patria". Velaí xuntos o desplazamento espiritualista da fundamentación comunitaria canda a centralidade do factor espacial.

Reserva naturalista de fisicidade, isto é, de suprahistoricidade, natureza ideal, saturniana, imaxe da Idade Douro que, por outra parte, reveste un carácter primordialmente *xenético* en canto *Lebensraum* do que emana e no que se actualiza a nación "a Terra é a fonte da vida"- de grande poder conformador e determinante dos demais factores da etnicidade: "Para nos a Patria é un sentimento natural, inspirado en realidades sensíbeis aos cinco sentidos. A Patria é a Terra. A Terra que nos dou o ser... ". Velaí esa dimensión prístina e primordial inmediatamente accesible, alén da razón, por unha sorte do que Balzac chamara o "inxenio dos sentidos", apropiable sen concurso de mediación algunha.

A Terra, deste xeito, non é entendida tanto como as limitacións antropolóxico-sociolóxicas ou aínda históricas para o desenvolvemento da Comunidade, senón como un elemento máis do *complexo mítico-simbólico*, como as percepcións, codificadas en mitos e símbolos (Terra galega = Nación galega) que sobredeterminan o significado do propio territorio, dotándolle dun relevo "esencial" e vencellandoo indisolubelmente ó destino da Comunidade nacionalitaria: "afortunadamente contabamos co poder máxico da terra e do pobo, que fixeron posible a perduración da nosa nacionalidade".

A Terra, o propio territorio no que se edifica a nación, pérdese así nas orixes dos tempos, recondúcenos á Idade Douro, dotada dunha inmutabilidade esencial que certifica a unidade físico-espacial: "Galiza foi unha illa de pedra cando Hespaña xacía no fondo dos mares primitivos". Os peculiares usos da historia en SG, que endiante referiremos, constrúen unha Memoria da Nación como memoria da eternidade, Eterno Retorno do idéntico. O cabo, como na mitoloxía hesiódica, tamén aquí, Mnemosine ven a ser filla de Gea (e de Urano).

Pero asemade, a Terra, é o signo "signo permanente da nación"- da diferenza específica da comunidade galega -unha e distinta- que preanuncia con craridade o que acontecerá nos factores nacionalitarios do seu humus emanados, "Volkgeist" ou "cultura": "Galiza é unha unidade territorial harmónica, de formas e de cor, perfectamente diferenciada do resto de Hespaña", "un territorio delimitado naturalmente, de formas doces e entranas duras"...

Endalí que malia a ausencia de vontade política, de conciencia nacional politicamente expresada, da dimisión histórica das súas clases dirixentes etc. a fusión da Comunidade coa Terra, e atraveso dela coa natureza, abismo fecundo do ser nacional, garante sempre o remanicemento esencial da nación, a imposíbel perda de fundamentos que xeneran unha e outra vez os impulsos que daquela agroman sen endaxamais esgotarse: "O miragre da existencia diferenciada de Galiza, a través de tantos erros e miserias históricas, proba que do chan galego xurde unha enerxía incoercible, capaz de facernos inmortaes", "o que non podía morrer era a Terra, porque por moito poder que o Estado centralista tivese, sempre resultaría impotente para converter o noso territorio en planura castelán".

Compre así e todo en distinguirmos dúas dimensións, relacionadas mais autónomas, do momento espacial *territorialización* que o nacionalismo implica vai alén do mero *territorio* para acadar a *terra* entendida como "punto intenso no mais fondo do territorio, no que todas as forzas se xuntan nun corpo a corpo. A terra xa non é unha forza entre outras... ten devenido ese corpo a corpo das demais forzas... a terra é a ratio essendi, o territorio, a ratio cognoscendi" (Deleuze, *Mille plateaux*).

A diferenza específica da terra, como vemos, distribúese en dous niveis: un fondo natural, depositario das esenciais eternas, viveiro permanente da nacionalidade; unha diferenza específica que revela externamente esas esenciais en canto *paisaxe*, esa dimensión espacio-temporal do *íntimo* e do *sublime* en termos de Burke tan próximos ó pulso xeográfico de Otero. Do mesmo xeito que para os escritores "völkisch" da Alemaña os boscos ó este do Elba ou para os escritores e músicos nacionalistas rusos as infindas estepas e o Volga, para Castela a paisaxe primordial de Galicia "terras verdes", "formas doces", "chan de arquitectura barroca, labrada en pedar granítica, sempre cuberta por un manto de zugoso verdor", "vals ledos e farturentos" etc. etc constitúese no lugar da fusión entre a comunidade e a natureza, produto da interacción dos homes e o tarreo, dos efluvios emanados do fondo natural, nas nosas "paisaxes históricas".

Pero tamén a terra en canto *paisaxe* posúe outra dimensión, segunda, inducida, trasunto do xenio da "alma común dos galegos". Isto é, a paisaxe ten tamén unha componente debedora da man, do "estilo de vida" dos homes, do xeito de poboaren estes un territorio, das súas modalidades de asentamento. ¿E cal é, entre as producidas polo home, a paisaxe "auténtica" de Galicia, a que corresponde as súas esenciais, a que escoita a voz da terra?. Neste orde de cousas Castela manifesta nidiamente a prol do *ruralismo* como modo de asentamento "natural" galego en aberta oposición á *urbanidade*: "en Galicia é doado observar que a poboación está distribuída en "natural desorde", como nos países celtas, i en evidente contraste cos módulos de agrupamento social en Castela e nas demais rexións hespañolas".

Características que do mesmo xeito que o que acontecía coa paisaxe primordial sobre unha rede de oposicións Galicia/Castela = terras verdes/deserto, se verque agora nomeadamente como: "inxénito ruralismo"/"urbanismo retardado": "quero exaltar o nobre ruralismo de Galiza, frente a retrasada urbanidade

de Castela... abonda poercorrer os cabos occidentaes do vello mundo -os Fisterres- para ver en todos eles un inxénito ruralismo".

Este populismo campesinista típico da intelligentsia nacionalista, vencellase estrictamente co momento "völkisch" do seu concepto de nación: o campo como depósito das esencias eternas da nación, plantexase sempre fronte á cidade, o caos urbano e desasosegante das modernas vilas, traís do redescubrimento dos boscos, os ríos, os campos, a xenreira á urbe, da man, unha vez mais, do dualismo antagónico natureza/artificialidade: "o urbanismo é un efecto do medo, senon responde as tristes necesidades da industria e do mercado moderno".

Semella nos atopemos diante dun texto do galeguismo tradicionalista de Brañas ("Galicia é esencialmente agrícola: o movemento vertixinoso das fábricas, o fume espeso das fundicións, o rodar incesante dos vehículos, non constitúe a fisonomía social da nosa terra") ou do propio Risco para quen: "Hai dúas Galizas, a Galiza das vilas, podrecida e decadente, e a Galiza do agro, vivente pola eternidade. E a Galiza do agro é a nosa".

Así e todo esta dimensión do *ruralismo* en canto paisaxe precisaría, para acadar unha significación político-ideolóxica *tradicionalista* -alén deste campesinismo "völkisch" sólito nas élites nacionalistas, para as que a totalidade arcádica do campo idealizado representa un antídoto contra da axitación e competitividade da cidade, así como contra da perda de "fundamentos" no seo doutros conflitos sociais- un inserimento e articulación mais amplias no interior dunha enemiga radical a modernidade, unha defensa das relacións de produción precapitalistas, unha apoloxía das clases e formas políticas debedoras do privilexio etc.; elementos estes que, como en diante veremos, non concorren en SG.

A terra xenera, en definitiva, un "espírito popular" de carácter campesino e ruralizante que á súa vez incide, sempre segundo SG, na paisaxe xenerando a súa fasquía allea as grandes urbes, de asentamentos espallados, en similitude patente cos outros pobos célticos. Si no seu momento falabamos de que o momento *raza* se valeiraba de contido fisicista e se desplazaba cara a *etnia* entendida como carácter nacional, como alma do pobo de Galicia, agora, o momento espacial, transferido da superficie as fonduras abisais da "Terra", fornecedora da *unidade primordial* (aquela que Nietzsche chamaría o "Ur-Eine"), é considerado como fondo último xerador desa alma galega, como orixe incesante dos impulsos diferenciais, áncora, en fin da inteira "etnicidade". Dous vieiros en suma que levan ó mesmo destino, "a alma eterna de Galiza que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan", a saber: "Volkgeist".

O Volkgeist

Por todolo devandito ben se ve que o "espírito", a "alma", o "carácter", ... isto é o *Volkgeist*, asume en SG unha centralidade da que carecía en Murguía e mesmo en Risco, onde dun xeito ou doutro a impronta fisicista determina ate á mais recóndita manifestación do "espírito do pobo". En efecto, a presenza neste autores de múltiples referencias e invocacións ó "espírito", "carácter", "cultura",

etc. da nación galega non pode agacha-lo feito de que tais manifestacións resultan determinadas exhaustivamente polo momento fisicista e biolóxico da raza da que se presentan como necesarias manifestacións, como meros epifenómenos.

Castelao é, así e todo, neste orde de cousas, moito mais debedor do fundador do concepto, Herder, para quen o "volksstaat" é unha unidade territorial na cal a conciencia da común pertenza a unha comunidade de herdo cultural ordena libremente as vidas dos seus componentes sen o concurso da estrutura legal" (F. M. Barnard, *Herder on social and political culture*). Para o alemán o desenvolvemento dunha comunidade diferenciada a través da conciencia colectiva é referido en termos de "caracter nacional" ou "espírito do pobo" englobando aspectos lingüísticos, históricos, xeográficos e culturais... sen o concurso da raza, endalí que a idealización do pasado teña un carácter espiritualista, de remanecimento cultural, non somático-racial, e ó propio tempo, como subliñara Meinecke (*El historicismo y su génesis*), se plantexa sempre como *irrestituibel*, alén da súa función estritamente fundamentadora da diferenza, de xeito oposto ó que acontece cos tradicionalistas.

Así, compre, na nosa opinión, interpreta-las referencias ó *fondo natural* que agroman en SG, "o fondo primitivo que xungue aos fisterres", ese *Naturgrund* de neta procedencia romántica que no texto asume unha fasquía netamente espiritual malia a súa xénese geoeitnica: "a permanencia do fondo primitivo, do *substractum* inasimilable -terra ou raza- ficará dabondo explicada pola impermeabilidade das nosas fronteiras,... os lindeiros espirituais de Galiza"... E preciso atendermos ó valeiramento dos elementos biolóxicos do concepto de raza, ós que temos feito referencia, para interpretar correctamente este *fondo primitivo*, depositario das esencias, terra ou etnia do que emerge o "volkgeist": "Galiza endexamais foi arrasada totalmente e permanece fidel ao "fondo primitivo" en que se criou, nunha continuidade dos seus paisaxes históricos e na posesión de esencias eternas".

Endalí a decisiva presenza do "espírito da nación" que se ergue sobre do "humus" nutricional do chan: "un país soio é unha nación cando descansa sobor de bases firmes e ten un alma común, diferente das demais e incapaz de deixarse assimilar". Esta "alma eterna", esta "alma mística de Galiza" se ergue así, senón desde o punto de vista diacrónico-xenético (que o é a *Terra*), si do estrutural, como o elemento clave do concepto de nación, emanado da terra, dunha banda, doutra receptor dos "restos" do momento *etnia*, tras da súa reformulación psicolóxico-espiritualista. Fica así garantizado o remanecimento no seo da *etnicidade* e definitivamente bloqueado o tránsito ó momento político voluntarista da nación: "de ahí se desprende que as nacións sexan de índole espiritual, o que non quer decir que sexan puramente voluntarias, se atendemos á súa orixe...".

Salientabamos como o "Volkgeist" intégrese en SG como un momento produtor/producido por etnia e terra: delo agroman as mais diversas testemuñas o longo das súas páxinas. Así, a *etnia* galega, non posúe caracteres físicos ("non medimos os craneos") senón que se decanta nos riscos do *caracter nacional* galego. A saber: nesa "inxénita virilidade", "pobo espiritualmente rexo, viril e resistente" contraposto sistematicamente, como veremos nos elementos relacionais de exclusión, o carácter castelán-urbán de "golferancia e señoritismo", ó "aturuxo" fronte "o

afeminado olé", etc. etc... en fin, "un caracter nacional que non se deixa exterminalar".

A Terra, pola sua banda, amosa o seu poder xenético-espiritual, inducindo unha peculiar psicoloxía dos galegos: ese "amor a Terra" e a correspondente *saudade* -"O signo diferencial da psicoloxía galega, está principalmente na "saudade"-auténtico e fondo *Sehnsucht*, na sua formulación romántica, pois, alen da paisaxe refreza a alienación do fondo natural da Terra.

Até a xenreira ás cidades que destilan as páxinas de SG articúlase culturalmente -e non en enemiga radical socioeconómica á cidade como compendio e símbolo da modernidade paxe Brañas ou Risco- en canto alleidade ó ser esencial de Galiza: "E se, patrióticamente, renegamos da cidade é porque esta endexamais quixo abrirse aos ideais que a circundan e, pechada,... fixo desprezo da humanidade que baixou das citanias e que vive e traballa a rentes da terra".

Pero modalidades xeradoras do Volkgeist o son, non debe esquecerse, tanto o *territorio* entendido more paisaxe nacional canto a *Terra* en canto fundamento xeolóxico-metafísico da nación, depositaria das esencias patrias. No mesmo orde de cousas, o ruralismo paisaxístico tradúcese á postre nese "espírito aldeán fillo da Terra", do que resulta debedora a cultura e lingua nacionais: "do fondo ruralista galego xurdeu un dos moimentos literarios mais admirables do mundo".

O "Volkgeist", pois, pasa dunha banda a asumir os refugos da raza, reformulados e rearticulados, doutra, a entenderse como emanación directa da Terra-natureza, como expresión do "fondo primitivo". Pero a centralidade do "Volkgeist", asemade, e isto devén decisivo, o eleva, o autonomiza, o ceiba de ser mero trasunto de terra ou raza. E desta autonomía parten as suas restantes manifestacións, que achamos en dispersión o longo de SG: desde o "lirismo", pasando por un peculiar solipsismo "Galiza somentes tivo vontade inquebrantable de ser i existir"; un caracter "intuitivo" mais que lóxico; até a capacidade de conformación estética presente na inteira cultura galega: "do barroco fixemos un estilo nacional".

Compre subliñarmos a estes efectos unha ausencia decisiva: por ningures Castelao, a diferenza dos tradicionalistas Losada, Otero... incorpora como elemento central do "Volkgeist" a *relixiosidade católica* como elemento indisolublemente vencellado á identidade galega. No tradicionalismo, en troques, a relixión desenvolve unha funcionalidade omnipresente fornecendo criterios e postulados que permean desde as posicións sociais e económicas até as políticas: o seu tradicionalismo resede fundamentalmente, non xa na versión conservadora do catolicismo que sustentan, senón no propio e desmesurado lugar que ocupa a relixión, que semella erguerse como auténtico fundamento, "Grund", de toda a sua cosmovisión. Esta opción central no concepto de Nación de Castelao, amosaría o seu relevo político-ideolóxico na coxuntura do frente Popular.

A *etnia*, en fin, remata por se identificar, alen de certo remanecimento racial residual, co Volkgeist, e o cerne deste non é senón a *cultura* no seu sentido mais amplo, plural manifestación, na literatura e no folklore, do espírito do pobo. Endalí que a cultura se postule como reapropiación, como reconciliación co xa fornecido nos "froitos da nación", como inmersión "völkisch" no legado nacional-popular. A cultura, en suma entendida no como *Bildung*, é decir como tarefa,

como apertura, construción que parte precisamente da crítica da tradición, senón como amergullamento enpático nesta última, en definitiva, como *Ursprung*, como volta as Orixes. Veláí cómo: "xa temos declarado a nosa posición *nacionalista, e decir cultural*, frente a política castelanizadora de Hespaña". "Galiza ten unha cultura anterior e superior a de Castela" etc.

Pero o resultado sobranceiro e, á sua vez símbolo, do "Volkgeist", eixo do concepto de nación, a *cultura* -"o mellor froito da nación"- posúe entre tódalas suas manifestacións unha, refulxente con luz propia: a *lingua* que nace" non da vontade xenial dun fato de homes, senón pola predisposición psicolóxica dun pobo que, en condicións históricas favorables, crea unha cultura".

A Lingua

Ben e certo que en SG aparecen recollidas as diversas manifestacións da cultura popular galega "Ahí están os nosos refráns... os nosos cantares... os hórreos... a escultura popular... a música popular e os nosos bailes". Pero o mesmo que acontecía nas formulacións herderiáns, o sobranceiro elemento do "Volkgeist" para Castelao é sin dúbida a lingua galega, por que "a lingua reflexa independencia do xenio... por un plebiscito de tódolos días".

Se ben autores, como Smith, nunha perspectiva mundial comparativa, denegan o relevo universal ó factor lingüístico na construción nacional, o caso europeo amosa pola contra a súa centralidade como Symonowicz ou Deutsch (*The trend of european nationalism*) teñen subliñado de xeito concluinte.

Símbolo da propia identidade, epítome do Volkgeist, a lingua é considerada todo ó longo do texto SG como o elemento sobranceiro da nación, "o atributo mais esencial", *desde un punto de vista sincrónico-estructural*: "de tódolos vencellos sociais dunha nación, a fala é o primordial i esencial, porque aglutina e caracteriza os elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional".

Veleiquí o ponto forte da argumentación nacionalista galega, Galiza "pode carecer de vontade política" pero do que non carece é dunha lingua propia e, o que resulta mais decisivo, patrimonio non das minorías galeguistas -como a conciencia nacional- senón da meirande parte da poboación. As claras fica entón a mutua referencia e implicación: ruralismo e campesinismo como a paisaxe exterior e interior que responde as esencias da nación. O mundo rural como reserva privilexiada da lingua galega, erosionada na castelanización crecente das vilas.

O primeiro plano da lingua desde o punto de vista estructural -desde o punto de vista xenético e fundamentalista xa vimos que o era a Terra- inscribese así nunha lóxica crara: a lingua non é sinón a *actualización* permanente da diferenza específica da nación galega, e se "ser diferente e ser existente" como decía Risco, a lingua érguese en garante supremo da nacionalidade.

Endalí que se a lingua remite á "alma nacional" e a condensa, convírtese nunha arma de futuro para a nacionalidade, enténdese indiscutidamente dotada das mais amplias posibilidades: "Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha

cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas".

Pero conxuntamente co esta funcionalidade digamos, positiva, a lingua vérguese asimesmo como negación, neste caso de que Hespaña sexa unha verdadeira nación. En efecto: "Sabemos o que non é unha nación. Hespaña nin ten lingua única, nin cultura única, nin costumes homoxéneas".

A lingua, así, elemento central -segundo as clásicas concepcións de Fichte: "Alí onde hai unha lingua específica, hai tamén unha nación específica, con dereito a ocuparse dos seus asuntos con autonomía..." , *Discursos á nación alemana*-devén factor clave de *lexitimación* do poder político: lingua = volkgesit = nación = Estado propio, sería en síntese a cadea argumental que desleximaría o Estado español centralista e fundaría a existencia de autogoberno galego.

Endalí que o criterio lingüístico se erga en discriminante das unidades a integrar un Estado federal, pois onde non hai lingua distinta non hay Volkgest específico, non hai nación diferente, logo non se precisa Estado propio. O *determinismo lingüístico* patentízase ó aborda-los criterios de construción do Estado federal Hespáñol: "Abondará con saber que en Hespaña soio se falan catro idiomas, vehículos doutras tantas culturas, para que a Federación non exceda de catro membros: Castela, Catalunya, Euzkadi e Galiza".

A Historia

De todolo devandito séguese unha fundamentación tan cristalizada do feito nacional galego en SG en derredor das esencias naturais da nación, na súa prístina organicidade, que o estatuto da Historia resulta especialmente posto en precario. Se a nación ven dada desde as orixes pola etnicidade e mai-lo Volkgesit, a nación áchase, xa que logo, dada e preconstituída a calquer proceso de construción nas súas "esencias eternas": "Galicia, como decía Risco, xa é unha nación. Tamén, xa foi, sempre, unha nación.

Endalí que o criterio organicista forneza unha historicidade que se edifica na dialéctica de esencia/apariencia: a nación esta ahí desde sempre, unha e idéntica así mesma, agardando ser convocada para a súa expresión externa, para o espartar nacional. Non é pois de nengún xeito casual o feito que nas definicións explícitas da nación en SG, que xa temos analizado, non aparezca o factor temporal como integrante do conxunto. A naturalidade do copncepto, a súa fixación, otórgalle un estatuto de mera *constatación* dunha verdade nacional, por así decilo, que reside noutro lugar. A saber: nas "esencias eternas", pois "Galicia foi modelada en sustancias eternas", é dicir dunha vez para sempre. Como ten subliñado Hobbsbawm: "as nacións modernas amosan sempre a pretensión de seren o oposto da novidade, fundamentalmente ancoradas na máis remota antigüedad, e o oposto ó construído, fundamentalmente comunidades tan "naturais" que non requiren nengunha definición alén da mera autoaseveración... precisamente porque as nacións incorporan tais constructos, símbolos patentemente recentes, ou axeitados e taylorizados discursos ("tais como a "Historia nacional"), o fenómeno nacional non

pode ser axeitadamente investigado sen prestar atención á "invención da tradición" (*The invention of tradition*). Xa temos avaliado o cerne da "invención da Tradición" que se incorpota en SG: o mythomoteur céltico no imaxinario nacionalista. Compre agora darmos cumprida conta desta parcial liquidación da historicidade que implica o feito de que, como dixera Otero: "a estrutura vital e orgánica de Galiza está fixada dunha vez para sempre desde as súas orixes históricas".

Así e todo, aínda que poidera semellar contradictorio co devandito, un feito resulta notorio, a Historia de Galicia áchase presente, abrumadoramente presente incluso, nas páxinas de SG que conteñen centos de referencias, de exposicións detalladas, de reprodución de documentos tirados de *Galicia Diplomática* e outros lugares, ate o extremo de que SG sería por xeneracións leido non sómente como "biblia" política do galeguismo, senón asimesmo como indiscutido prontuario da súa Historia.

Non é unha intervención desta caste o lugar axeitado para procedermos a analizar pormenorizadamente a secuencia da Historia de Galicia que se expón en diversos lugares de SG que, a grandes rasgos, recolle o común dos postulados murguían: orixe céltica, cecais un desbotamento menos enérxico da romanización que Murguía ou Risco, continuidade sueva, alleidade a invasión musulmana, renacemento románico, doma e castración cos RR. CC., etc. etc. ate atinguir unha certa converxencia da Historia e a Tradición co nacemento do galeguismo a partir do Provincialismo dos anos 40 do século XIX...

Agora ben, o problema os efectos que aquí interesan é ¿que estatuto subxace nestes usos da Historia?. Unha resposta impónse con toda evidencia: a de mero *fedatario*. En efecto, entendemos que a Historia en SG é a mostra que ilustra precisamente a *ahistoricidade radical* de Galiza, a saber: a imposibilidade de continxencia esencial, o remanecimento -malia todos os erros, opresións, etc. das esenciais fundamentais. A *Historia actualiza a natureza*, verquéndose nomeadamente como repetición.

Como ten subliñado Deleuze, retomando unha idea de H. Rosemberg, a repetición, a analogía, mais que unha observación do historiador, é unha condición da propia acción histórica "os axentes históricos, sómente poden crear a condición de se identificar con figuras do pasado, convertindo a súa acción en repetición dun papel antigo" (*Difference et Répétition*). Pero o pasado céltico de SG non sómente evoca unha Galiza definitivamente caracterizada pola *irrestituibilidade*: "a Humanidade non retrocede"; senón que garante a *intanxibilidade* esencial da identidade galega, a inefectividade de calquer tentativa de espalla-las amósegas da diferenza; o centralismo uniformador do Estado español sómente acadou aletargar á nación, mais, puro engado das apariencias, esta segue a posuir a súa "latexante concencia nacional".

Unha e outra vez SG reitera este postulado de *remanecimento esencial*; por riba das invocacións adxectivas á Historia ("as nacións son seres históricos e naturais", posúen "atributos histórico-naturais", a nación é "un complexo de terra, historia e pobo", "un concepto histórico e non filosófico de nación") a natureza despotencia unha e outra vez a proclamada dimensión temporal, fornecendo un cerengo de *eternidade*: ora sobre a perspectiva da *etnia* "foinos dado alviscar a

permanencia e continuidade da nosa raza a través de dous milenios"; ora da Terra: "o fundamental do antigo conservouse entón, tal e como agora se amosa, inalterable"; ora, en fin, do "Volkgeist": "as costumes son perfectas e veñen de tempos inmemoriais, dando a sensación de que endexamais foron interrompidas". A Historia, en fin, testemuña do eterno retorno do idéntico: repetición sen diferenza.

Deste xeito á *Historia*, como momento inserido na formación discursiva de SG, acontécelle algo peculiar: non resulta enteiramente recusada por principio, como lle ocorría á vontade política/conciencia nacional explícita, pero tampouco é un elemento conferidor do carisma da nacionalidade, nen xenético nen estrutural, vese desplazado á periferia dese "núcleo duro" do concepto de nación que integra a etnicidade. Endalí que, en ocasións Castelao o estime mesmo perturbador á hora de amosa-la diferenza, pois o seu saldo negativo afoga na continxencia o que o *mito* construíra con luminosa claridade ¿Non é, de feito, a Historia o lugar do riesgo, das loitas, dos fracasos, da dominación e dependencia, da "doma e castración de Galicia",... o escenario, en definitiva, do Estado e da política?: "Eu renego da Historia de Galiza, porque o pasado soio nos deixou desilusións de vida... o milagre da existencia diferenciada de Galiza, a través de tantos erros e miserias históricas, proba que do chan galego xurde unha enerxía incoercible..".

Así pois, ¿qué queda da historia?, Castelao perfila os usos daquela, unhas veces, como *memorial de aldraxes* suscitadores de interpelación ó orgullo nacional na procura do "national awakening"; outras, como lección dos erros que se cometeron polos propios galegos no pasado -"e xa que a Historia non ofrece máis que desilusións, sírvannos esta xiquer de aviso proveitoso para non reincidirmos nos mesmos erros"-; como, a postre, remanecimento esencial: "as virtudes dunha raza nin se perden nin se borran".

Eis, como consecuencia, a precariedade indiscutíbel dunha historia que oscila entre lección de tebras, desmoralizadora narración de fracasos cara o despertar nacional, e, malia todo, muda testemuña das "esencias eternas". O mantimento desta última funcionalidade nacionalitaria leva a Castelao non sómente a renegar da Historia, senón a contraporlle unha nova caste de temporalidade; a saber: a *Tradición*, porque o decisivo para os galegos "non pertence á Historia, senón a Tradición".

¿Qué é a Tradición?. Precisamente a Historia devenida *contemplación* das esencias inmutables da nacionalidade, *ethos* e *gea*, temporalidade sen continxencia: "A tradición é a alma eterna de Galiza que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan. A Tradición non é a Historia, a Tradición é a Eternidade". Mantimento, en fin, dunha identidade nacional por definición inmutable, eis "Á terra, desvencellada do Tempo...".

Endalí o rexeitamento da tradición do tradicionalismo, non sómente polo seu contido pasadista, a súa saudade do Antigo Réxime, senón porque -achámonos no seo do momento xenético-estrutural da etnicidade- desnaturaliza a Eternidade, retórnlle á nación o seu estatuto de precariedade, introducíndolle as impurezas do artificio e da política o identifícala cunha estrutura económica e unha forma de Estado concretas, porque, en definitiva, devolve a Nación á Histo-

ria: "a verdadeira e auténtica tradición de Galiza. Non, por certo, a dos chamados tradicionalistas, que se afina nos tópicos da historia... senón aquela enerxía étnica...".

Velaí a Tradición de SG: prescinde das rudas réplicas da Historia, que tanto desdin do "fondo primitivo", para verquese, pechando o circo da etnicidade, cara o implícito "plebiscito cotidiano" do "Volkgeist": "a nosa Tradición revélase no idioma, no espírito, na cultura, na arte, no xeito de vivir e de pensar".

A Morfoloxía social/institucións

O elemento histórico rearticulado como momento a modo de *Tradición* devólvenos o eido das "esencias". Endalí que o problema último a resolver na análise do concepto de nación de SG, no seo da etnicidade, radica en saber se para Castelao -como para os tradicionalistas Otero, Losada, Risco, etc.- existen institucións, formas políticas ou relacións de produción que pertenzan o "ser esencial" de Galicia. Isto é, se a *identidade* galega posúe unha vertente social e política irrenunciabile. Se o "inxénito ruralismo" prolóngase nunha enemiga radical á modernidade, nunha apoloxía do precapitalismo, nunha crítica da democracia parlamentaria.

En principio algo apontaría a que ésto é o que acontece en SG. Así o ruralismo, a xenreira á cidade artículanse ca reivindicación dunha *morfoloxía social* propia de Galiza: "Galiza conserva unha morfoloxía social antiquísima e propia, estable e definitiva".

¿Implica esta, así chamada "primorosa estrutura social de Galiza en perigo de desaparecer", que a etnicidade de Galiza xenera non sómente unha lingua e unha cultura, senón, asemade, unhas propias formacións sociais e políticas nas que se encarna por así decilo o "Volkgeist"? O problema radica en coñece-lo alcance dunha tal morfoloxía: "A constituición social da nosa terra responde a institucións inmemoriais sempre xustas". Compre analizarmos polo miúdo canto menos dous eixos enxergadores posibeis das devanditas "institucións":

1. Ruralismo = precapitalismo
2. Propias institucións = democracia orgánico / corporativa

Polo que afecta ó primeiro dos aspectos compre salientarmos o feito de que o alonxamento no tempo ("institucións inmemoriais") verquese en SG como xa temos analizado tanto na naturalización da nacionalidade canto na *irrestituibilidade* do pasado: "a historia non retrocede". E cometeríase un grave erro, ó noso entender, se equiparamos "tout court" a posición de Castelao coa dos tradicionalistas vencellando a identidade nacionalitaria, do mesmo xeito que facían cunha relixiosidade integrista, coa alleidade radical de Galicia ó capitalismo, cunha radical enemiga a industria, a cidade, ó "artificio" inteiro da modernidade.

Así e todo, tampouco se pode afirmar que Castelao se aliñe nunha posición decididamente aberta á modernización, amosando pola contra certas amósegas de indubitabel procedencia Risquián, as invocacións á "morfoloxía social", as "institucións inmemoriais" vencelladas ó "inxenito ruralismo" e o renego das cidades,

constituen boa proba delo. Pero pouco mais. De nengún xeito podemos establece-la ecuación: ruralidade = precapitalismo, como tampouco é ben sabido, á inversa, a simultaneidade capitalismo = Grande industria.

En efecto, Castelao acepta basicamente a modernidade das relación capitalistas de produción, (frente as que non recolle máis que excepcionalmente e con total alleidade ó paradigma algunha das críticas socialistas) pero postula para Galicia un *capitalismo de base agraria*. Un capitalismo en definitiva, de pequenas cidades, de poboación dispersa de campesinos pequeno-propietarios, de unidades cooperativas de produción etc.: "Galiza non experimentou alteracións notabeis na súa estrutura social, segue sendo enxebremente agrícola e mariñeira, nunha verba primitiva. Desprezou os grandes centros, as grandes riquezas, as grandes esceascontento ca súa medianía... co ar natal grato ao corazón do campesino".

Velai un certo facer da necesidade virtude, resaibos tamén do ruralismo sólito nas intelligentsias nacionalistas perante o fenómeno urbano, unha retórica debedora da desconfianza perante o progreso, pero tamén, sob a idealización do modelo danés, un proxecto económico que de nengún xeito pasa pola recuperación/mantimento da renda ou do Privilexio, que endexamais cuestiona radicalmente o comercio e a industria, ó xeito de Risco, como prácticas consustancialmente alleas a esencia de Galicia.

Moito mais nítida, sen dúbida, é oposición de Castelao polo que ás institucións políticas se refire. En efecto, a súa posición política, inequivocamente democrática, despexa as posibles dúbidas o respecto. Así, as "institucións inmemoriais" de Galicia no eido político semellan reducirse á defensa da *parroquia* como unidade sociopolítica básica: "A parroquia, é o antigo clan dos celtas, anterior á invasión dos romans e mais vello que o cristianismo". Esta reivindicación da parroquia como unidade político-territorial básica de Galicia auna unha dobre vertente. Dunha banda é o eixo dunha serie de relacións sociais de produción características e irrenunciabeis (cooperativismo, axudas gratuitas, aproveitamento de montes e pastoreo no común, solidaridades e colaboracións interveciñais varias etc.). Doutra, e previamente dotada de personalidade xurídica, érguese en eixo da administración local galega.

Así e todo, nalgúns ocasións, SG a teor da primacía da contraposición política española/política galega e dan man do respecto a faciana rural de Galiza, inclúe valoracións de determinadas prácticas, contradictorias cos postulados democráticos xerais do autor. Tal é o caso do *caciquismo*: "O cacique é un home representativo en quen concorren os vezos e as virtudes da tribu. O caciquismo, polo tanto, ven ser unha forma primaria de democracia, de democracia representativa...". Valoración que, asemade, atopámola en estado práctico, cando enxuciando a figura histórica de Xelmírez "este gran cacique galego" se afirma a xeito de gabanza que "os galegos admiramos o talento caciquil de Xelmírez".

Unha tal valoración do caciquismo, inducida pola posición dialéctica do autor, perante a extendida opinión, nos circos republicáns da época, de que Galicia se achaba inteiramente controlada polo devandito modo de dominación clientelar, implica, da man unha vez mais da dinámica do propio/alíeo, unha importante desconsideración das modalidades digamos "enxebres" do caciquismo que

desentonan abertamente ca posición e praxis do PG (e a súa propia: "fun eu quen mais combateu esta praga-falando, escribindo e debuxando") ó respecto: "O cacique auténtico, creado polas inxusticias da Lei, nutrido con pernils e lacóns regalados, a penas merece a nosa preocupación; pero hai unha chea de *mandóns* da política centralista, que son mil veces piores e non merecen o nome de caciques, porque non viven a carón do pobo, nin representan a vontade da tribu, nin posúen os vezos e virtudes da caste, nin teñen unha forza emanada do seu valimento personal. Estes caciques son terribles porque exercen o poder a distancia, porque burlan a vontade popular".

Achámonos perante unha puntual erosión do ideario democrático do autor, da man do enxebriemento do que se interpreta como unha sorte de *representación orgánica* do campesinado. O "inxénito ruralismo", neste caso semella implicar o decencimento da crítica de determinadas institucións e prácticas políticas que lle serían inherentes. A galegitude dos caciques auténticos, a súa implantación popular, o seu vivir "a carón do pobo", o encarnaren "os vezos e virtudes da caste", semella sana-la súa negatividade cara ó establecemento dunha sociedade e cultura política democráticas en Galicia. Velaí, asemade, como unha tal valoración da *organicidade* da institución caciquil se prolonga na aceptación do seu remanecemento mesmo posuindo Galicia autogoberno, así como na postulación dun control popular inmediato, non xurídico, dos caciques, a xeito de auténtica "vis privata", no exercicio da súa funcionalidade de *brokers*: "O caciquismo pode florecer nun réxime descentralizado; pero entón os caciques serían verdadeiros, é dicir, vivirían a carón do pobo e, polo tanto, sometidos os perigos dunha xusticia instintiva, unha Xusticia sen Códigos escritos...".

Como xa temos sulñado, o centra-lo concepto de nación no abano xenético-estructural da *etnicidade* con exclusión radical da *política*, conleva na formación discursiva SG a plantexalo nacionalismo como movemento da *sociedade civil* (entendida no seu sentido clásico sociopolítico, non marxiano, de "bürgerliche Gesellschaft") contra do *Estado*. Isto, conxuntamente cas virtualidades fundamentadoras que temos salientado, na construción da diferenza específica de Galicia, deixa irresolto o momento político, por mor precisamente da súa exterioridade ó "núcleo duro" do concepto de nación -do que por outra banda emanan impulsos abertamente elitistas e corporativos -; isto é, á elisión nesta sede conceptual, o problema da construción de institucións democráticas representativas así como da transformación dos galegos de "fillos de Breogán" en *cidadáns* titulares de dereitos públicos e subxectivos. Fixado o sentido dos momentos integradores da *etnicidade*, a exclusión do elemento político, especialmente da *vontade*, que faría entrar inmediatamente en xogo o modo de expresión política democrática e garantizada da mesma, deixa a aquel na súa indeterminación como *significante flotante* que samente con posterioridade, e ó albur -é dicir sen necesidade interna promovida polo núcleo duro- da ideoloxía política do autor, será fixado e articulado desde fora no concepto de nación, desde onde, á súa vez, excercerá a súa propia eficacia cara ó interior daquel.

Como xa temos salientado, o concepto de nación, e a propia formación discursiva que sintetiza, posúen unha xenérica natureza *relacional*, de tal xeito que os

elementos soltos e aillados son articulados como *momentos* dunha totalidade, implicándose mutuamente os uns aos outros como si, malia as fendas e contradicións observabeis de cando en vez, dun auténtico *sistema* se tratara. Así e todo existe no propio concepto un lugar privilexiado desde o punto de vista relacional, alí onde a *identidade* nacional de Galicia se confronta con outras identidades, onde a propia *etnicidade* se constrúe fronte ou a prol doutras etnicidades alleas, o momento diléctico e relacional stricto sensu, construído discursivamente como complexa *rede semántico-conceptual de asociacións e oposicións*, integrado polas *etnias de exclusión, reintegración e identificación*.

A Etnia de exclusión

Os estudiosos do nacionalismo teñen insistido no feito de que a interacción negativa, a diferenciación da propia etnia doutras, que se consideran alleas, "nemtsi", "barbaroi" etc. xoga unha funcionalidade decisiva na construción histórica da propia *identidade* nacional. J. A. Armstrong, seguindo a F. Barth, afirma incluso, con toda radicalidade, que "os grupos étnicos tenden a definirse a si mesmos non tanto por referencia as propias características senón mais ben por exclusión, isto é por comparación negativa cos "estranxeiros" (*Nations before nationalism*).

O *momento oposicional* do concepto de nación xoga pois un papel clave non so porque deseñe as fronteiras do nacional face ó Outro, senón porque enxerga unha dinámica do propio/alleo, amigo/enemigo que resulta interna, estritamente constitutiva da propia identidade. A nación na procura da súa afirmación fica presa por así decilo, na propia rede semántico-conceptual de oposicións, do seu par de confrontación negativa, do que resulta á postre debedora, formándose o que Benveniste denominara unha *dualidade antitética* (*Le vocabulaire des Institutions Indoeuropéennes*), unha parella de arquetipos contrapostos, de imaxinarios nacionais, inescindibeis o un do outro, discursivamente construídos ambolosdous, alén de calquer suposta obxectividade.

Precisamente labor central da intelligentsia nacionalista -o que a convirte politicamente nunha *contraélita*- é a elaboración e espallamento desa *interpelación ideolóxica posicional-existencial*, que sobre o modelo do Eu e o "totalmente Outro", edifica o *contraimaxinario* nacional, procedendo á desenvolve-la afirmación dialéctica da propia identidade a través da negación da súa negación.

¿Cál é en SG a comunidade que desenvolve o rol de *etnia de exclusión*?. Se ben nun primeiro momento poidera pensarse que sería "Hespaña" a chamada a xoga-lo devandito papel, compre axiña desbotar unha tal posibilidade por canto resultaría de todo punto contradictorio co propio concepto de nación en SG.

En efecto, si, como ficou crarexado, o núcleo definidor do concepto de nación radica en SG na *etnicidade*, inda mais na *unidade étnica* -"este país (Galicia) foi sempre un"-, da irreductíbel *heteroxeneidade étnica* desa "entelequia nacional que se chama España", séguese como corolario lóxicamente necesario, que "tal nación non existe". A plural etnicidade interna que se agacha sob o nome de Hes-

paña fai desta un constructo ó que de nengún xeito se lle pode aplica-lo concepto de nación de SG: "Sabemos perfectamente o que non é unha nación. Sabemos, por exemplo, que Hespaña, nin ten idioma único, nin cultura única, nin costumes homoxéneos, nin unidade étnica, nin formación histórica común... sabemos, polo tanto, que Hespaña non é unha nación".

E se Hespaña non é unha nación, unha etnicidade homoxenea, fica bloqueada definitivamente a posibilidade mesma de constituí-la como arquetipo étnico de exclusión. España non posúe a *entidade*, a sustancialidade necesaria para opoñerse esencialmente a Galicia, pois ambas dúas resultan debedores de niveis que samente entran en colisión en derredor da estatalidade centralista. ¿Cómo opoñer un mero constructo heteroxeneo e internamente escindido á inconsutil unidade de Galicia, cómo, en suma, contrapor a perecedera superficialidade do *artificio* á fondura inmorrente da *natureza*? "Hespaña aínda é un organismo artificial, composto de varios grupos humanos, que nada teñen de común como non sexan as loitas que antano sostiveron os uns contra dos outros".

Velaí a secuencia lóxica: Hespaña arroxada do mundo das nacións, expulsada da Tradición cara a Historia ("Eles representa a Historia, nos a Tradición"), da natureza cara o artificio, da aseidade á pura continxencia, da "auctoritas" á "potestas", reducida á precariedade mais inesencial, en definitiva, á política, ó Estado: "Hespaña: un Estado-poder que nunca será un Estado-nación".

Pero inda mais. O Estado español non samente é responsable para Castela da represión das nacionalidades interiores ás súas fronteiras, presentándose como "Estado-nación" cando se trata, en realidade, dun "Estado plurinacional". Asemade, o Estado español é o vehículo de imposición contra natura da hexemonía dunha nacionalidade privilexiada sobre das outras, da extensión ilexítima dos riscos dunha etnia allea alén dos seus límites naturais.

Veleiqué agromar á auténtica *etnia de exclusión* no concepto SG de nación: Castela. En efecto, ó imaxinario nacionalista galego corresponde a construción dun contraimaxinario étnico-castelán, da man da devandita dualidade antitética, desa *similarity-dissimilarity pattern* en termos de B. Akzin (*State and Nation*), que se desenvolve nas páxinas de SG nunha peculiar rede semántico-conceptual de oposicións: celtas/iberos, norte/sur, atlántico/mediterráneo, verde/seco, bosco/deserto, viril/afeminado... etc. Esta confrontación/exclusión das dúas etnicidades ubícase como elemento central, interno, no cerne mesmo do concepto de nación, como momento dialéctico-oposicional da construción da propia identidade: "somos xenerosos ante Hespaña... pero intransixentes ante Castela. Somos, en fin, verdadeiros *nacionalistas*". O argumento resulta, unha vez mais, decididamente clarificador das posicións de fondo: Flexibilidade, crítica pero aberta, fronte ó Estado, pois ó cabo é unha superestrutura artificial, continxente e mudable, un marco ó cabo dúctil que se pode modificar; pechamento e intransixencia, en troques, fronte a castela, pois aquí nos achamos no eido esencial da etnicidade (etnia, terra, volkgesit, tradición, etc.), nos alicerces mesmos da nación, nos fundamentos da identidade diferenciada de Galicia.

Endalí as razóns político-ideolóxicas últimas do término "Hespaña" que Castela acuña en SG: "A oposición a Castela salva os ataques que poideramos

dirixirle a Hespaña, cuio nome tivemos que humedecer cunha letra de mais para facelo respectable ós nosos ollos... Sacámoslle á verba "España" todo canto ten de prosapia castelán (abonda con engadirle unha "H" para derivala de Hispania) e con ela abranguemos a Península enteira".

Espacio étnico de exclusión -"Castela"- que xeográficamente, en canto integra unha dimensión mais do seu constructo imaxinario, non se corresponde con Castilla, dado que, en principio abarcaría - en homoxenización forzada pola propia dialéctica etnicista- toda a España "castiza", fora das outras tres nacionalidades: Galicia, Catalunya e Euskadi, segundo o supremo criterio da lingua/cultura, emanación como sabemos, suprema, do Volkgeist: "O que o mundo distingue como *hispañol* xa non é castelán; é o *andaluz*, que tampouco é andaluz senón *gitano*... somos a antitesis da gitanería e o toureirismo".

Das dúas series argumentais de SG ate aquí analizadas, 1: España non é unha nación, 2: Castela como etnia de exclusión, derivase como coroloario, dunha banda, que ó ser España unicamente unha superestructura político-estatal, un artificio, pode ser reconvertido e descentralizado e polo tanto non fai falla predicalo arredismo verbo do mesmo. Doutra banda que o ubicarse a intransixente exclusión de Castela no nivel de fundamentación da etnicidade, e non no político, non se bloquea definitivamente a posibilidade de futura coexistencia pacífica entre ámbalasduas comunidades: "O noso separatismo, se existe, non é por oposición a Hespaña, senón a Castela, coa que, por outra parte, arelariamos convivir en réxime de de igualdade".

Achámonos perante as bases mesmas dunha dimensión da formación discursiva nacionalista de SG que non por usualmente marxinalizada, reveste menor relevo político-ideolóxico. Referímonos ó *hispanismo explícito*, "o noso ideal hispano", que posibilitan os postulados anteriormente analizados: "Non é o mesmo dicir *español* que *hispano*, nen val o mesmo dicir *hispanismo* que *españolismo*; pero non hai dúbida de que tódolos pobos da península se sinten *hispanos* e que serían igualmente *españóis* se os casteláns non se atribuiran a posesión ominosa dese nome".

En efecto, o que en principio era unha posibilidade, aberta pola estruturación mesma xenético-estructural e relacional negativa do concepto de nación, deven unha realidade. Lonxe do separatismo, Castela desenvolve nas páxinas de SG unha militancia de reformulación do Estado español sobre a base da súa irrenunciabile descentralización política: "Nos concebimos a Hespaña como un soio Estado, constituído polo libre consentimento de catro pobos: Castela, Cataluña, Euskadi e Galiza.... Esta sería, ao noso ver, a única maneira de reconstruír racionalmente a Hespaña dos grandes feitos". As fondas implicacións que para o modelo de autogoberno deiqui se derivan analizarémolas axiña de xeito específico.

Este hispanismo, polo demais, é tan intenso por momentos -aínda que existen, ó propio tempo, outros momentos de desesperación, trala desfeita da Guerra na que agroman exhabruptos dun separatismo ("Cando eu non era separatista do Estado hispañol", etc.) estruturalmente, así e todo, residual- que mesmo tenden a dulcificarse algúns postulados claves da formación discursiva nacionalista SG, do tipo "grupos humanos que nada teñen en comun, como sexan as

loitas que antano...". En concreto semella en ocasións, da man deste hispanismo, admitirse que Hespaña, asemade dun Estado, posue tamén algúns outros elementos comúns que, sen endexamais atinguren relevo de etnicidade nacionalitaria, exceden visiblemente do mero artificio superestructural: "Os defensores da posición maximalista de Galiza non intentamos tronzar a solidaridade entre os pobos hespañoes -reforzada por unha convivencia de séculos- senón mais ben posibilitar a reconstrucción da grande unidade hispana, ou ibérica".

Este hispanismo, asemade, apunta, finalmente, a unha mais radical reformulación da Hespaña porque se prolonga alén das suas sólitas fronteiras estatais, como Iberismo abarcador da península inteira: "Hespaña para nos ábrese ao futuro coa mesma significación que lle concedían tódolos habitantes da Península, antes do primeiro acto constitutivo do Estado que agora se chama secamente *España*". Un tal cuestionamento dos módulos de integración do histórico Estado español, condúcenos directamente, no seo do momento relacional no que nos achamos, cara a

A Etnia de reintegración

Efectivamente, ese "ideal hispánico" esa "Hispania que se identifica -segundo SG- cun ideal amado por todos, inclusive polos portugueses", implica a construcción dunha nova unidade que non pode prescindir de Portugal tanto por razóns de pasado como de futuro: "O ideal colectivo que pode levarnos a creación dunha Hespaña grande non pode ser outro que o de restaurar a Comunidade Ibérica".

Pero, asemade, Portugal é convocada, da man dun peculiar "lusismo", ó discurso nacionalista de SG non samente, nin tan xiquer principalmente a resultas do Hispanismo, senón, ante todo, por constituir parte escindida da propia comunidade natural galega, "a mesma alma patria".

Eis o nacemento da *etnia de reintegración*, Portugal, da man dun concepto de nación baseado na etnicidade que sitúa a lingua, en canto sobranceiro produto do Volkgesit, como elemnto axial. Así, posuidora de idéntica etnicidade que Galicia, a reintegración de Portugal non sería sinón a recuperación dun anaco do propio ser nacional, de reinstauración da nación natural: "porque a fronteira portuguesa róubanos a esperanza de anovar en breve a comunidade nacional dos tempos suevos e visigóticos". A centralidade do elemento cultura/lingua prevalece por riba de calquer consideración político-voluntaria (o feito de se construír historicamente, por exemplo a nación portuguesa, *frente* a España) que fica esvaída como non pertinente, e en calquera caso como inexistente obstáculo ó que ven sen dúbida fornecido de antemán pola comun identidade cultural: "O problema da reintegración peninsular... os galeguistas arelábamos que Portugal se confederase con Hespaña para consagrarmos a Hirmandade galaico-portuguesa e restablecermos os vencellos culturais da nosa antiga comunidade".

A reintegración de Portugal implicaría, asemade, non samente afirma-la *natureza* da común nacionalidade, fronte o *artificio* estatal das fronteiras; implica-

ría asimesmo a negación da *Historia* e a recuperación da *Tradición*, "a comunidade nacional dos tempos suevos e visigóticos": "A nosa Terra, na súa extensión de Provincia romana e de reino suevo, conservóu a súa integridade até o final do século XI en que Alfonso VI tivo a ben dividila en dous condados irmáns. Así naceu Portugal: nun anaco de terra galega, entre o Miño e o Douro...".

A historia, en troques, foi escenario non sómente do esnaquizamento daquela similitude do "mesmo mecanismo sonoro, mesma lingua, mesma arte e unha mesma cultura; en fin unha mesma alma patria", o foi, tamén, da escisión e perda interna de fundamentos da propia Portugal: "Portugal xa non contaba ca enerxía étnica orixinaria, que modelara o seu espírito e que lle dera unha vida independente... Así, aos portugueses, desterrados en Lisboa, faltoulles a potencia biolóxica que mana do chan nativo...".

En suma, e segundo a mesma lóxica que se lle aplicaba a Hespaña, para Castelao *Portugal non é unha nación*, senón un Estado binacional, supra e infra o Douro, construído pola imposición dunha etnia sureña sobre do conxunto, a partir do centralismo dunha capital, Lisboa -"os lisboetas (especie de andaluces que falan galego cos dentes pechados)"-, ubicada no seo, precisamente como Madrid, do ámeto natural daquela.

Endalí que sendo Hespaña e Portugal dous Estados plurinacionais e non Estados-nación, a reformulación Iberica, resultado do ideal hispanista así como do ideal de reintegración, non sómente é posible senón desexabel, e, nesta reconstrución, a Galiza corresponderíalle un lugar clave, como ponte, catalizador da nova síntese: "E nos, os nacionalistas galegos, ofrecémoslle a Portugal a enerxía étnica da nosa terra, pero, a condición de que Portugal, non se manteña divorciado de Hespaña".

Péchase deste xeito o argumento que vencella indisolublemente, na interioridade do concepto de nación, a través do momento relacional positivo *etnia de reintegración*, o momento fundacional da *etnicidade co modelo de autogoberno*, no ámeto dunha mais global reestructuración do Estado español desde o punto de vista da distribución territorial do poder político.

A Etnia de identificación

Finalmente e polo que atinxe o momento relacional positivo compre apuntar brevemente a presenza dunha *etnia de identificación* que reforza a propia identidade e decisión de nacionalidade, inseríndoa nun mais vasto ámeto de nacionalidades interiores no seo de estados plurinacionais europeos.

A etnia de identificación, resulta debedora non do momento "Volkgeist" vía lingua, como acontecía ca etnia de reintegración, senón que conecta co momento etnia, derivándose directamente do mythomoteur céltico: "O cadro que nos presenta Murguía serve para diferenciarnos do resto de Hespaña e para identificarnos con calquera dos pobos celtas, inasimilables ao influxo de potencias espiritualmente mais fortes que Castela. Somos como Bretaña en Franza, ou Escocia en Inglaterra".

As nacións célticas, velaí a *etnia de identificación* que xenera o reforzo dunha loita común: Irlanda, ante todo, Bretaña, Escocia, Gales... Así, "as afinidades étnicas que nos asemellan a outros pobos atlánticos" tiran do mito fundador do celtismo todalas suas potencialidades da semellanza, encetando pola posesión dun pasado común, unha mesma identidade orixinaria, a ponderación xeopolítica do atlantismo tan cara a Risco, a antinatural centralización do Estado hespañol debedor de mui outras lealtades mediterraneas: "Que importa que os proxenitores da nosa caste chegaran a Irlanda e formaran alí un acorro inexpugnable das esencias célticas!. Galiza soportou en silencio a política castelán, que cortou as relacións que viñamos sostendo cos Fisterres atlánticos, até perdermos o posto que nos correspondía no concerto misterioso da nosa raza".

O resto é coñecido, xa se trate do "Volkgeist" "viril, rexo e resistente", xa da paisaxe física "verdor", "fisterres", "atlántico" etc. ou human, o "natural desorde da poboación", o "inxénito ruralismo"... o mito céltico de común ascendencia, aporta un elemento mais de verosimilitude, de eficacia na súa interpelación-inclusiva, no reforzo de semellanza que proporcionan as nacións pertencentes á etnia de identificación, copartícipes do fondo natural no que xacen as "esencias eternas" da nación galega, que poden ser, e o foron, silenciadas, pero remanecen, á postre, latentes, inextinguibeis como patentiza o rexurdir vizoso das culturas, cando non das reivindicacións políticas, das outras célticas.

O Modelo xurídico-político de autogoberno

"Galiza é unha nación": este postulado construído relacional, e xenético-estructuralmente en SG, leva ínsitas unhas consecuencias craras na ideoloxía nacionalista desde o S. XIX. A saber: o *Principio das nacionalidades*: "a cada nación correspóndelle o seu propio Estado", e o *Dereito de autodeterminación*: "cada nación ten o libre dereito a dispor dos seus destiños".

Neste orde de cousas en SG, en principio, derívase da etnicidade, da nación natural que, lembrémolo, se traduce nunha "soberanía natural" a necesaria traducción política da mesma, como soia fonte de lexitimación fronte o Estado plurinacional: somentes a soberanía natural dun pobo, ten dereito a exteriorizarse en soberanía política".

Tamén se acolle, en consonancia ca natureza nacional da comunidade galega, o *dereito de autodeterminación*: "Galiza é unha unidade perfecta, e polo tanto, ten dereito a dispor dos seus destiños".

De feito ambolosdous momentos, desde un punto de vista abstracto e xenérico, vencéllanse mutuamente: "Defendemos como principio xeral, a soberanía de tódalas nacionalidades e reclamamos para galiza o dereito ao seu libre desenrolo".

Agora ben, establecido os principios abstractos como punto de partida, é preciso darmos cumprida conta de como se concretan, de como se propón o exercicio dos devandito dereitos que en si mesmos conteñen posibilidades diversas.

Neste orde de cousas unha primeira opción concluinte atopamos en SG, estrictamente vencellada co "ideal hispánico" enriba analizado, a saber: a exclu-

sión do *separatismo* político do Estado español: "Creemos que o separatismo é unha idea anacrónica e somentes o disculpamos como un movemento de desesperación que endexamais quixéramos sentir", "Os galegos sempre pensamos resolver os problemas privativos de Galiza, dentro do Estado hespañol". Antiseparatismo, pois, baseado no proxecto de remodelación do Estado hespañol, e na confianza histórica de o conseguir "Non somos separatistas da Hespaña verdadeira, nin tan siquera da falsa e ficticia, se é que esta nos permite creer na súa transformación". Endalí que as manifestacións "separatistas", sempre residuais, que se atopan en SG sexan debedoras literalmente desde momentos de desesperación, especialmente promovida co gallo da derrota militar do Frente Popular na Guerra civil.

En coherencia co devandito, séguese en SG unha aplicación do dereito de autodeterminación que non implica de nengún xeito a *independencia*: "Galiza, como cataluña e Euzkadi, é unha nación,... e non recoñecerlle o dereito de autodeterminación -inclusive para vivir en absoluta independencia- será sempre un acto tiránico e antiliberal. Agora, ben, nos queremos ceder da nosa natural soberanía, todo canto cedan as demais nacionalidades españolas, a fin de constituirmos un Estado rexido pola mais pura democracia". Asemade, Castelao, desconsidera a independencia, por motivos tamén pragmáticos: "Nin a cataluña, nin a Euzkadi, nin a Galiza, lles convén unha independencia absoluta".

Malia a capacidade derivada do dereito de autodeterminación -no decir de SG: "unha nacionalidade ten dereito incluso a constituirse en Estado independente"-, Castelao insiste unha e outra vez, habilitado polo momento relacional do seu concepto de nación, no exercicio limitado do mesmo: "de antemán facemos uso da autodeterminación, que a toda nacionalidade lle corresponde, pára ofrecer dos nosos dereitos todo canto sexa necesario en favor da unión hespañola".

Pero, conxuntamente co devandito uso restrinxido do dereito de autodeterminación, achámonos en SG un desplazamento que non deixa de ser altamente significativo. Referímonos, e fronte o mantimento intaxible do postulado da *soberanía natural* de Galicia, a un certo devecemento do concepto de *soberanía política* que tende a deslizarse semánticamente cara unha sorte de "independencia espiritual", de autonomía cultural: "Os galegos arelamos convivir con Castela dentro dun mesmo Estado; pero, eso si, reclamamos para a nosa nacionalidade, unha máxima soberanía, a soberanía da súa fala, da súa cultura, do seu espírito, das súas costumes".

¿Que subxace no fondo destas opcións e deste relativo desplazamento?. Entendemos que o *modelo de autogoberno* elexido; a saber: o *federalismo*, "somos pois federalistas". En efecto, por mais que este momento, sexa merecedor dun tratamento mais sistemático, que no seu día abordaremos, compre salientarmos agora os seus elementos de meirande relevo.

O federalismo constituíu a clave, que permite pechalo siloxismo: momento fundacional - modelo relacional - modelo de autogoberno. A posibilidade de reforma dunha estrutura artificial estatal, a ubicación fundacional da etnia de exclusión, o ideal hispánico, mesmo a reintegración de Portugal, nun nivel xa segundo mais utópico, atopan na fórmula federal a solución que vehicule á súa articulación, en canto fórmula de descentralización política no interior do Estado es-

pañol: "Con tal que as nosas arelas federalistas se vesen compridas, Galiza cedería voluntariamente dos seus dereitos todo canto fose indispensable para crea-la soberanía do Estado hespañol".

Un problema que se presentaba a Castela era precisamente que se a nivel de experiencia comparada internacional o federalismo constituía o modelo que permitía precisamente atalos cabos da súa idea de nación, así e todo a tradición federalista española aportaba un elemento conflictivo cos postulados nacionalistas desde os que se propuña a alternativa federal. Trátase da alleidade á problemática das nacionalidades, característica do federalismo español, que facía abstracción da segmentación interior de España: "a demagogia dos federais e a sinrazon do seu federalismo ponse de manifesto ao non saberen cómo dividir o territorio de Hespaña en estados particulares. Nin idea tiñan do que debían federar".

Endalí que fronte á tradicional abstracción da etnicidade que agas contadísimas excepcións caracterizaba ó federalismo histórico español, SG postule unha federación de base nacionalitaria: "A fórmula federalista sempre conduz á paz interior dos Estados plurinacionaes... O noso federalismo tampouco pretende dividir o Estado hespañol en 12, 14 rexións autónomas, a estas outuras faise necesario superar a federación rexionalista de Pi i Margall por unha concepción verdadeira das nacionalidades".

Así e todo, este federalismo de base orgánica, que non tradicional organísta, substituidor das rexións polas nacionalidades, amosase, como non podía ser doutro xeito, debedor da centralidade etnicista da idea de nación, presentando unha fasquía problemática -contextualizada nas expectativas abertas pola II República- da man do determinismo lingüístico/cultural: "Non todos os pobos con propia historia, alcanzan arestora a categoría de nacionalidades e, por tanto, eses pobos non teñen dereito a federarse... Abondará con saber que en Hespaña se falan catro idiomas, vehículos doutras tantas culturas, para que a federación non excedese de catro membros...".

Outro problema que se plantexa ó inserimento do modelo federal no concepto de nación de SG, ven dado pola difícil conxunción da exclusión do núcleo duro da vontade política coa presenza no ideario federal dun democratismo pactista de base certamente indisolúble. ¿Cómo superar "o que se chama a teoría do pacto sinalagmático e conmutativo" se o federalismo resulta indeclinablemente debedor da dinámica pactista, do acordo, da democratización non xa samente representativa senón participativa do Estado?. Perante este conflito semella que nos atopemos perante unha contradición insalvable, no seo dos momentos fundacionais e relacionais do concepto de nación, pois resulta debedor á postre da orixinaria expulsión radical da política á periferia do devandito concepto.

¿Quérese afirmar con isto que en Castela nos atopamos perante unha sorte de incompatibilidade do tipo que sexa, reductible dalgún xeito a aquela predicada por Risco, a saber: "as reivindicacións étnicas e lingüísticas rifan no fondo coa esencia do liberalismo"? Radicalmente, non. O que acontece e que o *momento democrático* do federalismo -non o federalismo estritamente como modelo de descentralización que se deriva dos momentos relacionais e fundacionais do concepto de nación- que se postula en SG resulta debedor, non da súa

idea de nación senón da ideoloxía política xeral do autor que incide *desde o exterior*, despotenciando o elitismo, o corporatismo, os impulsos varios tendencialmente autoritarios que emanan dun concepto exclusivamente etnicista, por mais que no sentido de "etnicidade" nesta intervención explicitado.

Pero da orientación política da síntese final, ó noso entender, non cabe dúbida: "O noso federalismo xurde dos sentimentos democráticos e liberaes que animan o noso credo".

Todo o cal condúcenos, finalmente, o momento político do concepto de nación en Castelao.

O Momento político-estratéxico

Non é obxecto desta ponencia aborda-la ideoloxía política xenérica de Castelao para o que, asemade, resultaría imprescindible unha perspectiva diacrónica que recollera á súa complexa evolución desde o inicial conservadorismo maurista.

Os efectos que eiquí interesan, damos por sentado por tódolo devandito dous extremos: a alleidade (é decir: a eficacia externa) da súa posición política ó cerne do seu concepto de nación, o innegable carácter democrático da súa posición política ó escribir SG.

Así e todo, compre referirmos, de pasada e xa para rematar, a algúns efectos políticos que derivan mediatamente do seu concepto de nación e que modulan, dun xeito ou doutro o seu posicionamento político-estratéxico global.

Un primeiro elemento, é sen dúbida, a insoslaible existencia de forzas políticas estrictamente galegas: "política a base de partidos propios, integramente autónomos", ítem mais, a necesidade dunha forza sobranceira, non somente galega senón propiamente galeguista como postulado practico-estratéxico central: "sendo galego, non debo ser mais que galeguista".

Un segundo elemento, con vencellos co anterior, é a derivación a partirtes da común etnicidade da pretensión dunha segmentación exclusivamente galeguista/españolista da escena política galega, marxinatora doutros "cleavages" internos, da man dun nacionalismo aclasista. Así, a meirande flexibilidade fronte a republicanos ou socialistas da segunda metade de SG ceceais poida relacionarse ca aceptación por parte destas forzas da defensa da autonomía galega, mais propiamente que pola aceptación de fondo en SG que totalas devanditas forzas representen anacos da plural Galicia sociopolítica realmente existente. Aclasismo que se prolonga politicamente, en ocasións, nun sentido de nacionalismo de *fusión*, formulado dun xeito populista específico como pobo = nación neutralizador das diferencias internas, onde totalas divisións e loitas interiores deberían ceder perante o imperium do nacional. O que acada en SG interpelacións inclusivas en ocasións risquiáns: "porque as vidas e facendas individuais deben sacrificarse ante o ben das nacións".

E, finalmente, "last but not least", refrexo daquel "inxenito ruralismo" no nivel político polo que ós apoios se refire, cualificando significativamente a caste do

seu populismo, é a exclusión do *proletariado*. En efecto, semella que o campesiñado, e en menor medida os mariñeiros (ós que compre engadirmos sempre a intelectualidade e pequeno burguesía vilega), integran a única base social do nacionalismo de SG: "os auténticos traballadores de Galiza, labregos e mariñeiros, quedaron ao marxe das reivindicacións proletarias ou incorporados á loita de clases por un absurdo mimetismo, entramentras que os problemas creados pola peculiar morfoloxía de Galiza xacían sen solución posible dentro das normas leaes e revolucionarias". Eis, conxuntamente cunha explicitación da lonxanía real de Castelao ó socialismo, a marxinação do momento político-estratéxico do proletariado galego, escaso daquela pero non inexistente, confirmada por un elocuente silenciamento todo ó longo de SG.

CONCEPTO SG DE NACIÓN

NACIÓN

ETNICIDADE

Negación

Etnia de exclusión:
• Castelá

Núcleo xenético-estructural:
• (Raza) Etnia
• Terra
• "Volkgeist"
• Lingua/Cultura
• (Historia) "Tradición"
• (Estructura socioeconómica)
• "Morfoloxía social"

Afirmación

Etnia de reintegración:
• Portugal

Etnia de identificación:
• Nacións célticas

MODELO
AUTOGOBERNO:
• Soberanía
• Autodeterminación
• Federalismo

Estado español
• centralismo

VONTADE/CONCIENCIA

ESTADO
Democracia

MOMENTO POLITICO ← IDEOLOXÍA POLÍTICA XERAL
ESTRATEGICO

- Partidos galegos
- Fusión: Pobo/nación
- Apoios sociais